

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 11 de decembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre o proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia (doc. núm. 53521, 10/PL-000018)

Publicación do informe de Ponencia, BOPG n.º 573, do 05.12.2019

Punto 2. Preguntas

2.1 53040 (10/POC-008258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego das axudas para a innovación e a mellora tecnolóxica das empresas galegas dedicadas á primeira e segunda transformación da madeira

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 518, do 06.08.2019

2.2 56671 (10/POC-008893)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non ter aprobado no ano 2019 un plan de inspección turística, as previsións ao respecto para o ano 2020 e as súas intencións referidas ao aumento dos inspectores de turismo de cara ao Ano Xacobeo 2021

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019

2.3 57265 (10/POC-008984)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

2.4 57368 (10/POC-008993)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia referidas á realización de todas as actuacións necesarias para impedir o cambio de usos dos terreos do estaleiro Vulcano e a demanda ao Goberno galego e ao Concello de Vigo da actuación no mesmo xeito, así como a súa posición respecto da posta en marcha e da dotación orzamentaria para o ano 2020 dun proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques que podería asentarse en Vulcano e Metalships



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

- 2.5 58043 (10/POC-009123)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa deslocalización dos
servizos de Naturgy e o futuro da empresa Unitono en Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019
- 2.6 58548 (10/POC-009173)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis
Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante da empresa
Naturgy para o cumprimento do acordo parlamentario referido á defensa dos
postos de traballo da empresa Unitono, en Ourense, e as medidas que vai
adoptar para garantir o seu futuro co cadro de persoal actual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 560, do 13.11.2019

Punto 3. Proposición non de lei

- 3.1 57442 (10/PNC-004572)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego aos ministerios de
Industria, Comercio e Turismo e de Transición Ecolóxica, así como á
empresa Alcoa, en relación coa crise que está a atravesar a planta desta en
San Cibrao, e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Cristina
Isabel
Romero
Fernández

Firmado digitalmente por
Cristina Isabel Romero
Fernández
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Cristina Isabel Romero
Fernández,
email=cristina.isabel.romero.fern
andez@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.12.05 13:20:07
+01'00'



Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 05/12/2019 13:20:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/12/2019 13:45:00
Nº Rexistro: 18101
Data envío: 05/12/2019 13:45:00.087

CSV: REXISTROJaSUapgw7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	M
Luca Chao Pérez	GCE
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Elaboración do ditame, á vista do Informe da ponencia, sobre o proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia (doc. núm. 53521, 10/PL-000018)



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "*Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia*", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 1 de agosto de 2019.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e praxe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 07/08/2019 11:20:53

CVE: hmUNOKBpT7
Verificador: <https://sede.xunta.gal/cve>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día un de agosto dous mil
dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas
termais de Galicia*, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago
de Compostela a un de agosto dous mil dezanove.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 53040(10/POC-008258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego das axudas para a innovación e a mellora tecnolóxica das empresas galegas dedicadas á primeira e segunda transformación da madeira

Publicación da iniciativa, 518, 06.08.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 12:56:44
Nº Rexistro: 53040
Data envío: 30/07/2019 12:56:44.529

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A primeiros deste ano, publicouse que a Xunta impulsaría a mobilización de 32,5 millóns de euros na innovación tecnolóxica e a mellora continua da industria forestal galega, a través de tres programas de axudas que contan cun orzamento público de máis de 11 millóns de euros, e dos que se beneficiarán arredor de 130 empresas de toda a cadea de valor e 1700 persoas, que participarán en actividades formativas e de divulgación. A primeiros deste ano, publicouse que a Xunta impulsaría a mobilización de 32,5 millóns de euros na innovación tecnolóxica e a mellora continua da industria forestal galega, a través de tres programas de axudas que contan cun orzamento público de máis de 11 millóns de euros, e dos que se beneficiarán arredor de 130 empresas de toda a cadea de valor e 1700 persoas, que participarán en actividades formativas e de divulgación.

Estamos ante unha industria tan tradicional na economía galega como estratéxica, como pon de manifesto o feito de que dependen dela máis de 70.000 empregos e case o 1,8% do noso PIB. Así pois, compre impulsar a modernización das 3.000 empresas que integran o sector para que poidan dar resposta aos retos de futuro, entre eles a dixitalización e o deseño, e aproveitar as oportunidades que ofrece a transición cara o modelo de bioeconomía circular. Estamos ante unha industria tan tradicional na economía galega como estratéxica, como pon de manifesto o feito de que dependen dela máis de 70.000 empregos e case o 1,8% do noso PIB. Así pois, compre impulsar a modernización das 3.000 empresas que integran o sector para que poidan dar resposta aos retos de futuro, entre eles a dixitalización e o deseño, e aproveitar as oportunidades que ofrece a transición cara o modelo de bioeconomía circular.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre as axudas para a innovación e a mellora tecnolóxica das empresas galegas dedicadas á primeira e segunda transformación da madeira?





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 12:56:44
Nº Rexistro: 53040
Data envío: 30/07/2019 12:56:44.529

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 30/07/2019 12:42:01

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/07/2019 12:42:14

Moisés Blanco Paradelo na data 30/07/2019 12:42:33

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/07/2019 12:42:45

Marta Novoa Iglesias na data 30/07/2019 12:42:56

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/07/2019 12:43:14

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/07/2019 12:43:27



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 56671(10/POC-008893)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non ter aprobado no ano 2019 un plan de inspección turística, as previsións ao respecto para o ano 2020 e as súas intencións referidas ao aumento dos inspectores de turismo de cara ao Ano Xacobeo 2021

Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

É innegable que o Xacobeo 2021 supón un reto e unha oportunidade para Galicia, por iso, aínda temos que mellorar en diferentes aspectos turísticos.

Non obstante, existen unha serie de debilidades que se teñen que atallar, como por exemplo: a inspección turística, que segundo a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no seu artigo 97 “*Ámbito de actuación da inspección turística*”; dispón que:

9.1 “*Corresponde ás inspectoras e inspectores de turismo a comprobación e vixilancia do cumprimento das obrigacións impostas pola normativa turística aplicable*”.

9.2 “*Ao fin de garantir unha adecuada planificación da actividade inspectora e a consecución dos obxectivos de calidade e excelencia da actividade turística, anualmente a Administración da Xunta de Galicia aprobará un plan de inspección turística*”.

9.3 “*No plan de inspección estableceranse os obxectivos da actuación inspectora, os establecementos obxecto de inspección e o seu ámbito xeográfico e temporal. Devanditos obxectivos da actuación inspectora someteranse ao trámite de audiencia do Consello do Turismo de Galicia*”.

Lamentablemente, isto non se está levando a cabo, Turismo de Galicia non está a cumprir coas súas obrigas de inspección xa que non dedica recursos a inspección turística.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 16:50:53
Nº Rexistro: 56671
Data envío: 30/09/2019 16:50:53.205

1ª) Cal foi o motivo polo que a Xunta de Galicia non aprobou un plan de inspección turística no ano 2019?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia aprobar un plan de inspección turística, para o ano 2020, en caso afirmativo, en que data?

3ª) Coa vista posta no Xacobeo 2021, ten previsto a Xunta de Galicia aumentar o número de inspectores de turismo?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/09/2019 13:53:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2019 13:53:28



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 57265(10/POC-008984)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57265
Data envío: 09/10/2019 14:02:03.891

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 6.ª**, sobre a situación do sector naval en Vigo.

O pasado 25 de setembro, no debate sobre o estado da nación, o Sr. Presidente da Xunta de Galicia gabábase de que o sector naval galego “recuperou o liderado” e “ten hoxe a segunda maior carteira de pedidos de toda Europa”.

Esquecía, por suposto, a situación de Vulcano, de Barreras e da súa industria auxiliar. Primeiro foron os 69 despedimentos en Vulcano e o que sería o primeiro peche dun estaleiro en Vigo sen que o Goberno galego buscara inversor algún. Logo os impagos e precurso de Barreras que deixaron xa polo camiño 800 postos de traballo moi especializados e os que podan vir toda vez que a industria auxiliar xa está advertindo da súa incapacidade para recolocar a estas persoas. Cómpre lembrar que falamos dun sector fundamental na nosa economía e particularmente no noso tecido industrial:

Un sector que xera máis de:

- 10.000 empregos industriais directos
- Outros 25.000 empregos indirectos
- Preto de 2.000 millóns de € anuais de facturación, que supoñen aproximadamente o 3,3% do PIB galego

Un sector de grande importancia estratéxica para Galicia pola súa capacidade

CSX-REXISTROSz9GQmD5
Comisión 6.ª
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57265
Data envío: 09/10/2019 14:02:03.891

tractora sobre outras actividades e servizos industriais, polo seu alto contido tecnolóxico, polo seu grao de internacionalización, o 90% da produción vai destinada a mercados exteriores e, sobre todo, pola súa importancia no emprego. Trátase dunha actividade totalmente integrada na nosa economía, coa práctica totalidade da cadea de valor ubicada en Galicia: servizos especializados, estruturas, sistemas de propulsión, electricidade, electrónica e automatización, equipamento e accesorios, habitación, etc., son algunhas das especialidades produtivas que contan con empresas galegas auxiliares, a inmensa maioría Pemes, e fortemente dependentes da construción naval.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión:

- Que valoración fai o Goberno galego da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 09/10/2019 13:49:12



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 57368(10/POC-008993)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia referidas á realización de todas as actuacións necesarias para impedir o cambio de usos dos terreos do estaleiro Vulcano e a demanda ao Goberno galego e ao Concello de Vigo da actuación no mesmo xeito, así como a súa posición respecto da posta en marcha e da dotación orzamentaria para o ano 2020 dun proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques que podería asentarse en Vulcano e Metalships

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 16:42:10
Nº Rexistro: 57368
Data envío: 10/10/2019 16:42:10.483

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, David Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª** relativa a busca de alternativas ante o peche de Vulcano.

A busca dunha solución de futuro para Vulcano, a estas alturas, non pode vir por actuacións particulares neste estaleiro. Tería que vir dunha actuación estratéxica en todo o sector na liña de non perder capacidade produtiva no naval, que non podería ser recuperada se os terreos de Vulcano se dedican a outra actividade.

Polo tanto o primeiro é facer todas as actuacións necesarias polo Concello, a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado para que non se poidan cambiar os usos dos terreos.

Todos os indicadores sinalan que a industria naval ten e terá unhas expectativas moi importantes nos próximos anos. Galicia non pode perder capacidade produtiva, por falta de control e planificación, tamén pola incompetencia de xerencias que contaron co apoio da Xunta de Galicia sen os controis necesarios.

Non ten a Xunta na súa Consellería de Industria ningún departamento que faga seguimento das actividades dos sectores industriais estratéxicos en Galicia?

Non detectaron a tempo a situación en Vulcano ou a oferta temeraria, un 40% por debaixo do custo real, de Barreras no contrato dos cruceiros de Ritz Carlton, e iso que Fincantieri o manifestou varias veces. Pois non, fiábanse mais do seu home





en Barreras co que tantas fotos e abrazos se facía o Presidente Feijóo. Como diría a súa compañeira Esperanza Aguirre isto só é un problema de negligencia “in vigilando”. E agora esta irresponsabilidade pagarana, como sempre, os traballadores dos estaleiros e as empresas auxiliares, as que maioritariamente constrúen os barcos e que se non se lles protexe a industria naval galega podería desaparecer.

Por elo hai que alertar que en todas as actuacións da Xunta de Galicia hai que poñer como prioridade as garantías de emprego e as de cobro das auxiliares, iso é defender a maioría dos traballadores do naval.

Cremos que hai que ter propostas innovadoras, por elo instamos a Xunta de Galicia a poñer en marcha un proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques como demandan as auxiliares, que podería instalarse en Vulcano e Metalships.

É a gran materia pendente do sector naval privado galego e unha das súas maiores frustracións, polo volume de negocio perdido na década longa que leva tentando pór en marcha o proxecto sen éxito. Agora é o momento de volver á carga e impulsar dunha vez por todas a creación dun centro de reparación naval, un colchón necesario para este sufrido sector que permita seguir traballando cando a actividade construtiva afrouxe.

Ante a situación mencionada, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta na Comisión 6ª:

- 1.- Está a Xunta disposta a facer todas as actuacións necesarias para que non se poidan cambiar os usos dos terreos de Vulcano?
- 2.- Está a Xunta disposta a instar ao Concello de Vigo e ao Goberno do Estado a actuar do mesmo xeito?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 16:42:10
Nº Rexistro: 57368
Data envío: 10/10/2019 16:42:10.483

3.- Que posición ten a Xunta de Galicia sobre o proxecto de poñer en marcha e dotar orzamentariamente para o 2020 un proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques que podería instalarse en Vulcano e Metalships?

4.- Considera a Xunta de Galicia que é posible poñer condicionamentos dentro das posibles axudas a creación da base de reparacións para dar prioridade na contratación aos traballadores despedidos de Vulcano e as auxiliares que se viron prexudicadas coa liquidación da empresa?

5.- Considera a Xunta de Galicia que é posible poñer condicionamentos dentro das posibles axudas a creación da base de reparacións mediante cláusulas contractuais e suspensivas que garantan o mantemento do emprego e o pago en tempo e forma as empresas auxiliares?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Vero
Deputados e deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 10/10/2019 16:40:31

Luis Villares Naveira na data 10/10/2019 16:40:43

David Rodríguez Estévez na data 10/10/2019 16:41:19

CSV REXISTRO: CQ7HH89
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 16:42:10
Nº Rexistro: 57368
Data envío: 10/10/2019 16:42:10.483



Paula Vázquez Veroa na data 10/10/2019 16:41:29

CSV REXISTRO Q7H89
Vázquez
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 58043(10/POC-009123)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa
deslocalización dos servizos de Naturgy e o futuro da empresa
Unitono en Ourense

Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 18:09:39
Nº Rexistro: 58043
Data envío: 23/10/2019 18:09:39.835

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao cumprimento dos acordos parlamentarios relativos ás ameazas de deslocalización da empresa Unitono e o fracaso da Xunta de Galiza para reter os servizos de Naturgy.

No mes de abril de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexistrou unha batería de iniciativas ao ter coñecemento das ameazas de deslocalización da empresa Unitono de Ourense por derivarse carga de traballo a Reus e Colombia.

O BNG impulsou iniciativas de diversa índole, tamén no Parlamento Galego, impulsando no Pleno deste un acordo unánime froito da xenerosidade de todos os grupos o pasado 30 de abril de 2019 co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego as seguintes actuacións:

1.-Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.

CSV: REXISTROS/mbqBV45
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 18:09:39
Nº Rexistro: 58043
Data envío: 23/10/2019 18:09:39.835

2.- Realizar as xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de exixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa e dos postos de traballo actualmente existentes.

3.-Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar carga de traballo para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.

4.- Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza.”

Ademais de incumprir estes acordos, a Xunta de Galiza continúa coa súa estratexia de ouvidos xordos e de practicar a desregulación. Neste contexto, no día en que se asina esta iniciativa comunícase que en novembro Naturgy abandona a plataforma de Ourense.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Como valora a Xunta de Galiza o seu fracaso para reter os servizos de Naturgy en Ourense?

Fixo algunha xestión directa para evitalo? Pode demostralo?

Vai facer a Xunta de Galiza algo distinto a ignorar a situación respecto do futuro de Unitono en Ourense?



CSV REXISTRO5Mhg6v45

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/10/2019 18:09:39

Nº Rexistro: 58043

Data envío: 23/10/2019 18:09:39.835

Vaise dirixir o goberno galego a Naturgy para negocie con Unitono o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa en Ourense?

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para cumprir os acordos citados?

Como valora a operación de compra?

E a baixada de chamadas do sector enerxético?

Cando constituíu a mesa de traballo? Con que resultado? Como valora o seu funcionamento?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa Unitono en Ourense?

Ten contactado o goberno galego con Naturgy? Con que resultados?

Considera o goberno galego que hai risco de deslocalización? E dun ERE?

Parécelle racional á Xunta de Galiza que a compañía eléctrica explote os recursos naturais galegos e ourensáns e que despois deslocalice todo o emprego auxiliar posíbel? Que ten feito para evitalo?

Considera o goberno que a inexistencia dun marco galego de relacións laborais no que inserir as negociacións dos centros de chamadas galegos é un problema? Demandará que isto mude?

Pensa desenvolver o goberno galego algún Plan concreto no sector dos centros de chamadas para garantir o mantemento en Galiza dos postos de traballo? Con que directrices?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 18:09:39
Nº Rexistro: 58043
Data envío: 23/10/2019 18:09:39.835

Como valora a situación dos dereitos lingüísticos das e dos usuarios do noso país? Considera que están garantidos? Porque o goberno galego non fomenta que esta sexa unha vía de creación de emprego? Que vai facer para que a proximidade coa lusofonía sexa tamén unha vantaxe competitiva?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2019 18:02:36

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2019 18:02:44

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2019 18:02:54





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/10/2019 18:09:39

Nº Rexistro: 58043

Data envío: 23/10/2019 18:09:39.835

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2019 18:03:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2019 18:03:08

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2019 18:03:15

CSV REXISTRO5Mh6v45
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 58548(10/POC-009173)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante da empresa Naturgy para o cumprimento do acordo parlamentario referido á defensa dos postos de traballo da empresa Unitono, en Ourense, e as medidas que vai adoptar para garantir o seu futuro co cadro de persoal actual

Publicación da iniciativa, 560, 13.11.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 12:37:22
Nº Rexistro: 58548
Data envío: 07/11/2019 12:37:22,494

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**

Unitono Contact Center é unha empresa situada no Parque Tecnolóxico de Ourense, no Polígono de San Cibrao. Aínda que na actualidade o volume de traballadores e traballadoras é de 130, o cadro de persoal chegou a elevarse até 250 noutros momentos. Esta plataforma da empresa Unitono presta os seus servizos de forma case exclusiva dende hai dez anos para a empresa eléctrica Gas Natural Fenosa, coñecida como Naturgy a partir de xuño de 2018, e fundamentalmente para clientes de enerxía eléctrica do mercado regulado.

Este servizo será deslocalizado a partir do 15 de novembro. Segundo denuncia o Comité de Empresa de Unitono, as chamadas pasarán a ser atendidas dende Reus (Catalunya) ou dende Colombia. Esta decisión de Naturgy pon os 130 postos de traballo de Unitono, en grave risco. A empresa aínda non especificou que vai facer con ese persoal, se vai ser recolocado ou, directamente, despedido.

A estratexia empresarial da eléctrica pasa por reducir salarios e precarizar as condicións laborais, deslocalizando a inmensa maioría dos servizos en Colombia, que ten unha lexislación moito máis laxa en relación coa protección de datos comparada coa da UE. No caso dos postos de traballo que serán cubertos en

CSA-REXISTRO1012020W8EO
Unitono
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 12:37:22
Nº Rexistro: 58548
Data envío: 07/11/2019 12:37:22.494

Reus, mentres en Galicia o 90% dos contratos eran indefinidos, alí serán de obra e temporais.

Esta decisión reflexa a incapacidade da Xunta de Galicia para facer cumprir o acordo do Parlamento de Galicia aprobado por unanimidade o 30 de abril no que instaba á Xunta a esixir a Gas Natural Fenosa-Naturgy que garantira a carga de traballo para o mantemento da empresa Unitono no Parque Tecnolóxico de Ourense e os postos de traballo existentes. O 9 de maio, o conselleiro de Industria, Francisco Conde, mantivo unha reunión co comité de empresa de Unitono, trasladando “o compromiso da Xunta para establecer unha canle de comunicación entre as partes para buscar unha solución”. Á vista dos feitos, parece que esas xestións se amosaron inútiles e infrutuosas á hora de garantir a carga de traballo da empresa.

Pero este non é un feito illado, o sector do telemárketing, con forte implantación en Galicia atópase ameazado gravemente, con cada vez máis empresas en risco de desmantelamento por deslocalizacións, coma é o caso de R Cable, ou destruindo postos de traballo, coma os sucesivos EREs de Bosch en Vigo. E ante esta situación que afecta ao futuro de millares de familias, a Xunta non pode permanecer pasiva.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que xestións realizou a Xunta de Galicia diante da empresa Naturgy para facer cumprir o acordo do Parlamento de Galicia do 30 de abril de 2019 en relación coa defensa dos postos de traballo de Unitono en Ourense?
2. Que medidas vai adoptar para garantir o futuro de Unitono coa actual plantilla



CSV REXISTRO: R07p02V8E0

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 12:37:22
Nº Rexistro: 58548
Data envío: 07/11/2019 12:37:22.494

de traballadores e traballadoras?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 07/11/2019 11:44:57

Luca Chao Pérez na data 07/11/2019 11:45:09

José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 11:45:22

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/11/2019 11:45:36

Julia Torregrosa Sañudo na data 07/11/2019 11:45:51



CSV REXISTROZPEO2V8EO
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposición non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 57442(10/PNC-004572)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego aos ministerios de Industria, Comercio e Turismo e de Transición Ecolóxica, así como á empresa Alcoa, en relación coa crise que está a atravesar a planta desta en San Cibrao, e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 12:11:50
Nº Rexistro: 57442
Data envío: 11/10/2019 12:11:50,695

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira** e a súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª**, relativa á crise na planta de Alcoa en San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da planta de Alcoa en San Cibrao é moi preocupante. Segundo a empresa pode ser a primeira vez que o complexo integrado Alúmina-Aluminio dea perdas nun ano. E non só é polo problema enerxético, hai moitos mais motivos que hai que ter en conta de cara ao futuro.

E para rematar a visita da Ministra de Industria a factoría trouxo máis incertezas que solucións:

- Puxo en cuestión que se poda sacar a poxa de interrumpibilidade de decembro.
- Dixo que o Estatuto faría baixar o Mwh a un entorno de entre 40 e 45 € pero non dixo como.
- Afirmou que se poderían incrementar os 150 M€ das compensacións polos custos de CO2 que figuran nos orzamentos prorrogados de 2018 a 176 M€, esperemos que se executen de inmediato como prometeron.

A solución aos prezos da enerxía tería que vir por quitar a produción nuclear e hidráulica do Pool de poxas diarias para que poda ser comercializada mediante PPA'S por exemplo con ALCOA a prezo taxado. Este tipo de tarifas xa está contrastada pola UE como sucede coa a tarifa industrial francesa ARENH. Esa é a solución, pero claro iso tocaría os beneficios



ilexítimos das eléctricas e nesta situación a defensa dos traballadores de Alcoa e da Marina debilítase nas filas do Partido Popular, e tamén polo que parece nas do PSOE, sempre hai prioridades!

Ante todo isto a empresa decidiu reducir a produción de aluminio en xullo. Resultado 16 cubas paradas que agora xa son 32. De momento non afectou ao persoal fixo, pero si ao persoal eventual de substitucións de verano.

Se a compañía segue a parar cubas si afectaría ao emprego fixo.

Se chegaran a parar series enteiras o problema sería moito máis grave para rearrancar, ademais de non cumprir a interrumpibilidade. Implicaría moitos despidos e a volta atrás sería moi complicada.

Efectivamente, como se ven reclamando, ten que haber un goberno no Estado que tome decisións, e se non fora así os traballadores témense que a empresa tome decisións na liña do desmantelamento.

Pero tamén ten que haber outro Goberno, neste caso o da Xunta de Galicia, que tería que estar traballando tamén no futuro de Alcoa e en cuestións que son da súa competencia. Pero diso a Xunta de Galicia non fala, parece que xa renunciaron fai tempo a gobernar Galicia.

A rendibilidade dunha empresa non ven só por unha baixada de custos, asuntos que se están reclamando ata o de agora, tamén veñen da optimización dos procesos e dos produtos para conseguir máis ingresos. E un dos asuntos nos que terían que traballar a Xunta de Galicia ante Alcoa é na reclamación de que a cambio do seu apoio e tamén da de todo este Parlamento na consecución dun Estatuto satisfactorio, fixeran inversións para a optimización dos seus procesos, os seus custos e a súa pegada medioambiental como por exemplo coa acometida de gas a planta de aluminio para quentar os fornos de fundición que nestes momentos aliméntanse de fuel. A Xunta de Galicia fixo inversións para levar o gas ata a porta de Alcoa e a empresa non fixo a súa parte na factoría de aluminio.





Tamén esixir inversións para mellorar os produtos e así poder vender os de maior valor engadido, cousa que non está a suceder nestes momentos. Téñense que producir aluminios de calidade para a industria aeronáutica, para o automóbil, etc. O prezo da enerxía por suposto é decisivo, pero a optimización produtiva o é no mesmo nivel de importancia. Isto é o que garantiría de verdade o futuro de Alcoa.

Resumindo é imprescindible reclamar ao goberno do Estado o que ten que facer, pero a Xunta de Galicia tamén ten que facer o seu traballo. Non debe renunciar a gobernar.

Ante a situación mencionada na exposición de motivos consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a publicar de inmediato, o Estatuto de Industrias Electointensivas tendo en conta as alegacións das empresas, dos sindicatos e de todos os partidos políticos de Galicia.
- 2.- Recoller dentro do Estatuto a necesidade de quitar a produción nuclear e hidráulica do Pool de poxas diarias para que poda ser comercializada mediante PPA'S a prezo taxado.
- 3.- Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a executar de inmediato os 176 M€ de compensacións polos custos indirectos de emisións de CO2.
- 4.- Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a solucionar todas as posibles trabas para garantir que a poxa de interrumpibilidade do mes de decembro de 2019 se poda realizar no prazo previsto cunha duración mínima de aplicación dun ano.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 12:11:50
Nº Rexistro: 57442
Data envío: 11/10/2019 12:11:50.695

5.- Instar á empresa ALCOA a desenvolver a acometida de gas á planta de aluminio para quentar os fornos de fundición que nestes momentos se alimentan de fuel.

6.- Instar a empresa ALCOA a realizar inversións para mellorar os procesos e os produtos para producir aluminios de calidade para a industria aeronáutica, para o automóbil etc. e así poder vender os de maior valor engadido, cousa que non está a suceder nestes momentos.

7.- Esixir a Alcoa que na próxima poxa de interrumpibilidade solicite bloques polo total de 385 Mw que necesita a factoría para funcionar a plena capacidade.

8.- Condicionar todo tipo de axudas estatais ou autonómicas ao mantemento ou incremento dos postos de traballo, incorporando aos traballadores eventuais á plantilla fixa da compañía.

9.- Comezar a traballar xa, en colaboración coa empresa, nos traballos técnicos e medioambientais para desenvolver unha nova balsa de barros xa que a balsa actual podería chegar a colmatar no ano 2025.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 11/10/2019 12:09:13

CSV REXISTRO: R0mZGV7BM5
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 12:11:50
Nº Rexistro: 57442
Data envío: 11/10/2019 12:11:50.695

David Rodríguez Estévez na data 11/10/2019 12:09:33

Luis Villares Naveira na data 11/10/2019 12:09:44

Paula Vázquez Verao na data 11/10/2019 12:09:54

CSV REXISTRO
Villares
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



(Texto para Comisión)

**PROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO
DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA**

Proxecto de lei: BOPG núm. 522, fascículo 1, do 30 de agosto de 2019
Emendas ao articulado: BOPG núm. 553, do 24 de outubro de 2019
Informe da Ponencia: BOPG núm. 573, do 05 de decembro de 2019

TEXTO DO PROXECTO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta lei ten por obxecto a regulación do aproveitamento lúdico das augas termais cuxo lugar de nacemento ou afloramento estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORME DA PONENCIA:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta lei ten por obxecto a regulación do aproveitamento lúdico das augas termais en harmonía co seu aproveitamento terapéutico e coa valorización patrimonial e cultural. Afecta aquelas augas termais cuxo lugar de nacemento ou afloramento estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, de Adición.

Débase engadir un novo parágrafo neste artigo, que terá o seguinte contido:

"As augas termais, como as minerais e de manancial, constitúen un recurso declarado de utilidade pública, que forma parte do dominio público hidráulico."

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Substitución.

Substitución do texto do Artigo 1 polo seguinte:

"Artigo 1. *Obxecto*

Esta lei ten por obxecto a regulación do aproveitamento lúdico das augas termais en harmonía co seu aproveitamento



terapéutico e coa valorización patrimonial e cultural. Afecta aquelas augas termais cuxo lugar de nacemento ou afloramento estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 2. Finalidades

As finalidades da lei son:

- a) Velar pola salubridade e hixiene dos aproveitamentos lúdicos das augas termais.
- b) Garantir a sustentabilidade ambiental das augas termais para os efectos de evitar a súa degradación, en canto á súa calidade, e a súa redución, en canto á súa cantidade, a consecuencia dun uso inconveniente ou irracional do devandito recurso.
- c) Protexer a integridade das augas termais como recurso natural, patrimonial, cultural, turístico e lúdico.
- d) Promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden as augas termais.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 2. Finalidades

As finalidades da lei son:

- a) Velar pola salubridade e hixiene dos aproveitamentos lúdicos das augas termais.
- b) Garantir a sustentabilidade ambiental das augas termais para os efectos de evitar a súa degradación, en canto á súa calidade, e a súa redución, en canto á súa cantidade, a consecuencia dun uso inconveniente ou irracional do devandito recurso.
- c) Protexer a integridade das augas termais como recurso natural, patrimonial, cultural, **industrial**, turístico e lúdico.
- d) Promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden as augas termais.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, de Modificación.

Ab initio onde di: "As finalidades da lei son: ", debe dicir: "Complementariamente ás finalidades establecidas na norma xeral sobre a regulación das augas termais na Comunidade Autónoma de Galicia, as finalidades desta lei son:"

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº1, ao apartado c, de Adición.

Débase engadir no apartado c), despois de "...turístico,..." a seguinte palabra: "..., terapéutico..."

ACEPTADA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, ao apartado c), de Adición.

Engadir no apartado c) do Artigo 2 o seguinte:

Despois de cultural e antes de turístico: "industrial".

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, ao apartado c), de Adición.

Engadir no apartado c) do Artigo 2 o seguinte:

Despois de industrial e antes de turístico: "terapéutico".

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, ao apartado d), de Adición.

Engadir no apartado d) do Artigo 2 o seguinte:

"establecendo un sistema de monitorización e avaliación anual dos seus resultados nestas localizacións."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº3, ao apartado d) bis), de Adición.

Débase engadir unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

"d) bis. "Poñer en valor turístico o aproveitamento lúdico das augas termais, estruturando a oferta, os recursos e os servizos a través da realización dun plan e das medidas que potencien o destino a Galicia."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, ao apartado e), de Adición.

Engadir un novo apartado e) no Artigo 2 co seguinte texto:

"e) Recoñecer as augas termais como ben público e, polo tanto, promover a participación pública nos aproveitamentos termais e garantir o dereito da veciñanza ao acceso aos recursos termais."

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº1, ao apartado e), de Adición.

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"e) Como ben público que son as augas termais, garantir o acceso aos usos e beneficios das mesmas a toda a poboación independentemente da súa situación económica."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 3. Definicións

Para os efectos do disposto nesta lei, enténdese por:

- a) Augas termais: aquelas nas que a temperatura de xurdimento sexa superior en 4 graos centígrados á media anual do lugar no que nazan.
- b) Aproveitamento lúdico das augas termais: utilización das ditas augas con fins recreativos ou de lecer en espazos termais e piscinas termais de uso lúdico.
- c) Espazos termais: instalacións de uso público destinadas mediante o baño ao aproveitamento lúdico das augas termais.
- d) Piscina termal de uso lúdico: tipo de espazo termal que reúne as características e os requisitos técnicos para a súa consideración como piscina de acordo co previsto no Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 3. Definicións

Para os efectos do disposto nesta lei, enténdese por:

- a) **Augas termais: aquelas nas que a temperatura de xurdimento sexa superior, cando menos, en catro graos centígrados á media anual do lugar no que nazan, conforme dispón a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.**
- b) Aproveitamento lúdico das augas termais: utilización das ditas augas con fins recreativos ou de lecer en espazos termais e piscinas termais de uso lúdico.
- c) Espazos termais: instalacións de uso público destinadas mediante o baño ao aproveitamento lúdico das augas termais.
- d) Piscina termal de uso lúdico: tipo de espazo termal que reúne as características e os requisitos técnicos para a súa consideración como piscina de acordo co previsto no Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.
- e) **Emerxencia natural: aquela que brota de xeito natural na superficie, sen necesidade de intervención humana, especialmente sen necesidade de captación, perforación e bombeo.**

EMENDAS PRESENTADAS:

- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº1, ao apartado 1, de Adición.
- Débese engadir una nova letra e) co seguinte contido:
- "e) Emerxencia natural: aquela que brota de xeito natural na superficie, sen necesidade de intervención humana, especialmente sen necesidade de captación, perforación e bombeo."
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº2, ao apartado a, de Adición.
- Débese engadir no apartado a) despois de "...superior en...." o seguinte: "..., polo menos,..."
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº3, ao apartado b, de Supresión.
- Débese suprimir no apartado b), despois de "... piscinas termais..." o seguinte " ... de uso lúdico."
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº4, ao apartado d, de Supresión.
- Débese suprimir ao principio do apartado d), despois de "Piscina termal..." o seguinte: "...de uso lúdico..."
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº5, ao apartado d, de Supresión.
- Débese suprimir no apartado d) despois de "... consideración como piscina..."o seguinte: "... de acordo co Real decreto 742/2013, do 27 de setembro polo que se establecen criterios técnicos-sanitarios das piscinas."
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº6, ao apartado d bis), de Adición.
- Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
- "d bis) Auga termal de emerxencia natural: aquela que brota de xeito natural na superficie, sen necesidade de intervención humana, especialmente sen necesidade de captación, perforación, condución ou bombeo, e para ser empregada no lugar no que xorde."
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Emenda nº7, ao apartado d ter), de Adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"d ter) Poza termal: tipo de espazo termal de retención e/ou acumulación de auga onde a lámina de auga que non supera os 60 cm é utilizada para o baño."

ACEPTADA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado a), de Substitución.

Substituír o apartado a) do Artigo 3 polo seguinte texto:

"Augas termais: aquelas nas que a temperatura de xurdimento sexa superior, cando menos, en catro graos centígrados á media anual do lugar no que nazan, conforme dispón a Lei 5/1995."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado a), de Modificación.

Propónse unha nova redacción para a letra a) deste artigo, que terá o seguinte contido:

"a) Augas termais: as definidas como tales no artigo 2.2 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, ao apartado b), de Modificación.

Substituír no apartado b) do Artigo o seguinte:

"piscinas termais de uso lúdico", por: "piscinas de uso lúdico-termal".

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, ao apartado c), de Adición.

Adición no apartado c) do Artigo 3 o seguinte texto:

"sen prexuízo da súa convivencia e harmonía cos usos complementarios das súas propiedades mineromedicinais."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº9, ao apartado d), de Modificación.

Substituír no apartado d) do Artigo 3 o seguinte:

"piscina termal de uso lúdico", por: "piscina de uso lúdico-termal".

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, ao apartado d), de Modificación.

Substituír no apartado d) do Artigo 3 o seguinte:

Substitución de: "espazo termal", por: "aproveitamento de auga termal".

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, ao apartado e), de Adición.

Adición un novo apartado e) no Artigo 3 co seguinte texto:

"e) Emerxencia natural: aquela que brota de xeito natural na superficie, sen necesidade de intervención humana, especialmente sen necesidade de captación, perforación, condución ou bombeo, e para ser empregada *in situ* no lugar no que xorde."

TEXTO DO PROXECTO:

TÍTULO II

Réxime xurídico do aproveitamento lúdico das augas termais

CAPÍTULO I

Declaración de augas termais

Artigo 4. Necesidade de declaración termal das augas

1. Para o aproveitamento lúdico das augas termais será condición previa que as augas dispoñan da declaración de augas termais.

2. A declaración de augas termais aptas para o aproveitamento lúdico é a declaración específica para este aproveitamento.

3. O aproveitamento lúdico será tamén posible respecto de augas que dispoñan da declaración de augas termais aptas para usos terapéuticos, consonte a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, e respecto de augas que dispoñan da dobre declaración de termais e mineromedicinais para usos terapéuticos. En ambos os casos o aproveitamento lúdico estará amparado na declaración termal das augas e só será posible nos termos do establecido no artigo 26.

INFORME DA PONENCIA:

TÍTULO II

Réxime xurídico do aproveitamento lúdico das augas termais

CAPÍTULO I

Declaración de augas termais

Artigo 4. Necesidade de declaración termal das augas

1. Para o aproveitamento lúdico das augas termais será condición previa que as augas dispoñan da declaración de augas termais, **conforme dispón a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.**

2. A declaración de augas termais aptas para o aproveitamento lúdico é a declaración específica para este aproveitamento.

3. O aproveitamento lúdico será tamén posible respecto de augas que dispoñan da declaración de augas termais aptas para usos terapéuticos, consonte a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, e respecto de augas que dispoñan da dobre declaración de termais e mineromedicinais para usos terapéuticos. En ambos os casos o aproveitamento lúdico estará amparado na declaración termal das augas e só será posible nos termos do establecido no artigo 26.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, ao apartado 1, de Adición.

Engadir no apartado 1 do Artigo 4 ao final da liña, o seguinte:

“conforme dispón a Lei 5/1995.”

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 5. Procedemento de declaración de augas termais aptas para o aproveitamento lúdico

1. A declaración de augas termais aptas para o aproveitamento lúdico será realizada pola persoa titular da consellaría competente en materia de minas, por instancia das persoas lexitimadas para o aproveitamento lúdico ás que se refire o artigo 6.

2. Para a instrución do procedemento serán preceptivos o informe da consellaría competente en materia de sanidade e o informe do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España.

3. A resolución notificaráselles ás persoas interesadas e publicárase no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Na tramitación do procedemento serán aplicables as previsións contidas nos artigos 4 a 8 do Regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 402/1996, do 31 de outubro, en tanto non resulten incompatibles co disposto nesta lei.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, ao apartado 1, de Modificación.

No punto 1 deste artigo onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir: "... en materia de augas ..."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, ao apartado 2, de Modificación.

No punto 2 deste artigo, onde di: "... o informe da consellaría ...", debe dicir: "... o informe vinculante da consellaría ..."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº7, ao apartado 2, de Adición.

Logo de: "... en materia de sanidade ...", débese engadir: "... de acordo cos parámetros definidos obxectivamente e que deben contar co necesario proceso de verificación e control permanente, para o cal se dotará dos medios necesarios, ..."



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO II

Aproveitamento lúdico das augas termais

Sección 1ª. Condicións xerais para o aproveitamento lúdico

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 6. Título habilitante

Para o aproveitamento lúdico das augas termais deberá obterse a correspondente autorización ou concesión por parte das persoas propietarias dos terreos onde se atopen as augas ou daquelas persoas que acrediten, mediante título xurídico suficiente, a dispoñibilidade dos ditos terreos.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, de Adición.

Débase engdir *in fine* o seguinte texto:

"... e de acordo co regulado no artigo 10 da Lei 5/1955, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia."

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, de Adición.

Engadir no Artigo 6 o seguinte:

"A explotación lúdica das augas termais sen a obtención da previa e necesaria autorización ou, se é o caso, concesión para o aproveitamento lúdico queda prohibida e o órgano competente ordenará a inmediata paralización dela, que se manterá mentres non se legalice a súa situación, e sen prexuízo das sancións que correspondan."

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº2, de Adición.

Débase engadir un novo paragrafo co seguinte texto:

"No caso de terreos públicos ou naqueles onde non exista constancia de titularidade, os Concellos poderán solicitar o



título habilitante para desenvolver espazos públicos de xestión directa polo propio Concello."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, de Adición.

Engadir un novo Artigo 6 Bis co seguinte texto:

"6 bis. Posibilidade de explotación pública

As administracións públicas, de forma especial as locais, poderán exercer competencias respecto das augas termais localizadas en terreos de titularidade municipal ou susceptibles de retornar a titularidade pública mediante a correspondente acreditación e xustificación."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 7. Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección de establecementos balnearios

1. As persoas titulares de autorizacións ou concesións para usos terapéuticos en establecementos balnearios terán dereito ao aproveitamento das augas termais que se encontren dentro do perímetro de protección fixado nas ditas autorizacións ou concesións e que pertencen ao mesmo acuífero, con suxeición ao establecido na normativa básica.

2. Se dentro do dito perímetro de protección as persoas ás que se refire o artigo 6, distintas das persoas ás que se alude no número 1 deste artigo, solicitan un título habilitante para o aproveitamento lúdico a partir dunha emerxencia natural, daráselle audiencia á persoa titular da autorización ou concesión para que manifeste:

a) Se os traballos ou actividades que comporte o dito aproveitamento lúdico prexudican ou non o normal aproveitamento das augas obxecto da autorización ou concesión outorgada para usos terapéuticos en establecementos balnearios.

b) A súa vontade de exercer ou non o dereito ao aproveitamento de tales augas.

No caso de que, non quedando acreditado o prexuízo previsto na letra a), a persoa titular da autorización ou concesión rexeite exercer o seu dereito de aproveitamento, outorgaráselle á persoa solicitante o aproveitamento lúdico, de se cumpriren os restantes requisitos aplicables conforme o disposto nesta lei.

3. Dentro do dito perímetro de protección non están permitidos ás persoas ás que se refire o artigo 6, distintas das persoas ás que se alude no número 1 deste artigo, os aproveitamentos lúdicos a partir de emerxencias artificiais.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 7. Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección de establecementos balnearios

1. As persoas titulares de autorizacións ou concesións para usos terapéuticos en establecementos balnearios terán dereito ao aproveitamento das augas termais que se encontren dentro do perímetro de protección fixado nas ditas autorizacións ou concesións (...) con suxeición ao establecido na normativa básica.

2. Se dentro do dito perímetro de protección as persoas ás que se refire o artigo 6, distintas das persoas ás que se alude no número 1 deste artigo, solicitan un título habilitante para o

aproveitamento lúdico a partir dunha emerxencia natural, daráselle audiencia á persoa titular da autorización ou concesión para que manifeste:

a) Se os traballos ou actividades que comporte o dito aproveitamento lúdico prexudican ou non o normal aproveitamento das augas obxecto da autorización ou concesión outorgada para usos terapéuticos en establecementos balnearios.

b) A súa vontade de exercer ou non o dereito ao aproveitamento de tales augas.

No caso de que, non quedando acreditado o prexuízo previsto na letra a), a persoa titular da autorización ou concesión rexeite exercer o seu dereito de aproveitamento, outorgaráselle á persoa solicitante o aproveitamento lúdico, de se cumpriren os restantes requisitos aplicables conforme o disposto nesta lei.

3. Dentro do dito perímetro de protección non están permitidos ás persoas ás que se refire o artigo 6, distintas das persoas ás que se alude no número 1 deste artigo, os aproveitamentos lúdicos a partir de emerxencias artificiais.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº8, de Modificación.

Débase substituír o texto:" Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección de establecementos balnearios" por:
" Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección para a conservación dos acuíferos."

ACEPTADA _____
-Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº2, ao apartado 1, de Supresión.

No apartado 1 débese suprimir o inciso 'e que pertencen ao mesmo acuífero".

REXEITAD. _____
-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación.

No punto 1 deste artigo, onde di: "... terán dereito ao aproveitamento ...", debe dicir: "... terán dereito, de acordo co cumprimento dos criterios que estableza e verifique a Administración, ao aproveitamento ..."

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado 1, de Modificación.
- No punto 1 deste artigo, *in fine*, onde di: "... na normativa básica.", debe dicir: "... na normativa existente para o efecto."
-
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación.
- Débase substituír, no apartado 1, liña 3: "...encontren dentro do perímetro...", por: "... encontren dentro das zonas que compoñen o perímetro..."
-
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº11, ao apartado 2, de Modificación.
- No punto 2 deste artigo, *in fine*, onde di: "... para que manifeste:", debe dicir: "... para que manifeste e acredite tecnicamente: "
-
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación.
- O segundo parágrafo do punto 2 deste artigo, que comeza por: "No caso de que, ...", débese substituír polo seguinte texto:
- "A consellaría competente na materia determinará, logo de recibir tales comunicacións, a procedencia, de ser o caso, do dereito de aproveitamento solicitada."
-
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº10, ao apartado 2, de Modificación.
- Débase substituír o texto: "Se dentro do dito perímetro..." por: "Se dentro da dita zona que compón o perímetro..."
-
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, ao apartado 2, de Adición.
- Engadir no apartado 2 do Artigo 7 despois de "manifeste", o seguinte: "e acredite documental e tecnicamente".
-
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº3, ao apartado 3, de Adición.
- Débase engadir no apartado 3 o seguinte texto:

"Quedarán exentas desta prohibición as actuacións de carácter público desenvoltas polos Concellos."

RETIRADA

-Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº3, ao apartado 4, de Adición.

Débese engadir un novo apartado 4, co seguinte contido:

"4. Prohíbese tamén a realización de calquera perforación no perímetro de protección dos establecementos de balneario, de acordo co establecido na normativa estatal e autonómica en materia de minas, sempre que afecte o normal aproveitamento dos establecementos de balneario."

TEXTO DO PROXECTO:

Sección 2ª. Procedemento para o outorgamento do título
habilitante

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 8. Solicitude

1. Para o aproveitamento lúdico das augas termais deberase solicitar a oportuna autorización ou concesión administrativa, segundo corresponda.

2. A solicitude, conforme o modelo normalizado que se aprobe, dirixirase á consellaría competente en materia de minas, e irá acompañada da seguinte documentación:

a) O título que acredite a dispoñibilidade sobre os terreos afectados.

b) Un proxecto xeral de aproveitamento suscrito por técnico/a competente comprensivo das especificacións previstas no anexo.

c) Un estudo xustificativo da necesidade do perímetro de protección, que deberá conter as especificacións previstas no anexo, e que non poderá exceder un radio de 300 metros, agás que por causas excepcionais e debidamente xustificadas quede acreditada a necesidade dun perímetro de protección superior.

d) A documentación que xustifique as solvencias económica e técnica da persoa solicitante, de conformidade co previsto no artigo 18.1.c) da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

e) Un certificado municipal relativo á situación urbanística dos terreos afectados.

f) A documentación exixida pola normativa aplicable en materia de avaliación ambiental, no caso de proxectos que deban someterse á dita avaliación, observándose, en tal caso, os trámites previstos na dita normativa.

g) Un informe sobre o impacto sociolaboral do proxecto xeral de aproveitamento.

h) Un plan de peche e abandono.

i) Calquera outra documentación establecida regulamentariamente.

3. Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados nesta lei, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa petición, logo de resolución.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 8. Solicitude

1. Para o aproveitamento lúdico das augas termais deberase solicitar a oportuna autorización ou concesión administrativa, segundo corresponda.
2. A solicitude, conforme o modelo normalizado que se aprobe, dirixirase á consellaría competente en materia de minas, e irá acompañada da seguinte documentación:
 - a) O título que acredite a dispoñibilidade sobre os terreos afectados.
 - b) Un proxecto xeral de aproveitamento subscrito por técnico/a competente comprensivo das especificacións previstas no anexo.
 - c) Un estudo xustificativo da necesidade do perímetro de protección, que deberá conter as especificacións previstas no anexo, e que non poderá exceder un radio de 300 metros, agás que por causas excepcionais e debidamente xustificadas quede acreditada a necesidade dun perímetro de protección superior.
 - d) A documentación que xustifique as solvencias económica e técnica da persoa solicitante, de conformidade co previsto no artigo 18.1.c) da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.
 - e) Un certificado municipal relativo á situación urbanística dos terreos afectados.
 - f) A documentación exixida pola normativa aplicable en materia de avaliación ambiental, no caso de proxectos que deban someterse á dita avaliación, observándose, en tal caso, os trámites previstos na dita normativa.
 - g) Un informe sobre o impacto sociolaboral do proxecto xeral de aproveitamento.
 - h) Un plan de peche, **restauración** e abandono.
 - i) Calquera outra documentación establecida regulamentariamente.
3. Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados nesta lei, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa petición, logo de resolución.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº11, ao apartado 2.c, de Supresión.

Débese suprimir o seguinte texto:

"...non poderá exceder dun radio de 300 metros, agás que por causas excepcionais e debidamente xustificadas quede

acreditada a necesidade dun perímetro de protección superior."

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº12, ao apartado 2.c, de Modificación.

Débese substituír o apartado c do punto 2 polo seguinte texto:

" c) Un estudo xustificativo da necesidade da zona que compón o perímetro de protección, que deberá conter as especificacións previstas no anexo e que terá en conta a metodoloxía aplicada na lexislación para definir as zonas de protección dun perímetro. Establecerase un radio tendo en conta o tempo de tránsito e a natureza fisural dos acuíferos galegos."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 2.b), de Modificación.

Proponse unha nova redacción para a letra b) do punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"b) Un proxecto xeral de aproveitamento subscrito por técnico/a competente comprensivo das especificacións seguintes:

- Descrición pormenorizada da zona.
- Deseño de captación: xeoloxía, local, hidroloxía local (caudais, calidade termal), características técnicas das captacións (entubacións), a súa execución (se for o caso), conducións ata as instalacións de aproveitamento, réxime de explotación de recursos, instalacións de captacións (bombas, valvularía), protección das captacións, medidas de depuración (se for o caso) e protección do acuífero fronte á contaminación, así como medidas relacionadas de protección ambiental.
- Explotación do recurso: instalacións (ao descuberto ou pechadas), conducións (aspectos hidráulicos, térmicos, corrosivos), proxecto básico de edificacións (edificios e naves).
- Programa de explotación: funcionamento interno (programas ofertados para uso lúdico) e réxime de funcionamento.
- Programa de vixilancia e control: instalacións e captación.

- Estudo de viabilidade económica, coa inclusión dun orzamento dos investimentos que se realizarán, estudo sobre o seu financiamento e garantías da súa viabilidade."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado 2.c), de Modificación.

Propónse modificar a letra c) do punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

c) Un estudo xustificativo da necesidade do perímetro de protección, que deberá conter as especificacións seguintes:

- Descrición morfométrica da zona – conca.
- Xeoloxía rexional e local do manancial.
- Estudo de hidroloxía na superficie: estimación de recarga, balance hidrolóxico, compoñentes do ciclo hidrolóxico.
- Estudo hidroxeolóxico: caracterización hidrodinámica do medio xeolóxico, identificación de acuíferos, funcionamento hidrodinámico destes.
- Estudo termal: caracterización termal das augas a partir das doce medidas mensuais de pH, condutividade, Eh, temperatura e oxíxeno disoltos realizadas nun ano hidrolóxico achegados para a súa declaración. Orixe, tempo de residencia.
- Estudo de vulnerabilidade: inventario de puntos de auga, posibles puntos e áreas de contaminación difusa conservativa e non conservativa. Existencia doutros mananciais termais.
- Cálculo de perímetro de protección, segundo metodoloxía que se establecerá regulamentariamente.

Os perímetros de protección non poderán exceder un radio de 300 metros, sendo fixados con criterios obxectivos pola administración competente e logo do informe da administración local afectada, agás que por causas excepcionais e debidamente xustificadas quede acreditada a necesidade dun perímetro de protección superior."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº15, ao apartado 2.c) bis), de Adición.

Débese engadir unha nova letra c) bis, no punto 2, que terá o seguinte contido:

"c *bis*) Calendario de execucion e orzamentario dos investimentos."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº16, ao apartado 2.d) bis), de Adición.

Débese engadir unha nova letra d) bis, no punto 2, que terá o seguinte contido:

"d *bis*) Plan de seguridade e saúde laboral."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº17, ao apartado 3 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto 3 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"3 *bis*. Igualmente, deberá presentar as previsións no relativo ao número e características do persoal que se contratará, o cal deberá, se for o caso, reunir as habilidades e coñecementos para o correcto desenvolvemento das funcións técnicas ou tarefas que hai que realizar e que definirá regulamentariamente a Comunidade Autónoma de Galicia."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, ao apartado c), de Substitución.

Substitución do apartado c) do Artigo 8 polo seguinte:

"c) Un estudo para a determinación dun perímetro de protección tendente á conservación do acuífero xustificando a necesidade del e a delimitación proposta conforme determina o artigo 13 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios de Galicia, e que deberá conter, como mínimo, as especificacións previstas no anexo."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, ao apartado f), de Substitución.

Substitución do apartado f) do Artigo 8 polo seguinte texto:

“f) informe ambiental para remisión ao órgano ou órganos competentes en materia ambiental.”

ACEPTADA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, ao apartado h), de Adición.

Engadir no apartado h) do Artigo 8 “restauración”, despois de:
“peche”.

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 9. Instrución

1. Logo de presentada a solicitude, o procedemento impulsarase de oficio en todos os seus trámites.

2. Abrirase un período de información pública durante un prazo de vinte días, mediante a publicación do correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Durante o mesmo prazo daráselles audiencia ás persoas interesadas, singularmente ás que teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que se adopte.

3. O órgano instrutor solicitaralles os informes preceptivos, así como aqueloutros que xulgue necesarios, aos órganos en cada caso competentes para a súa emisión.

4. En todo caso, solicitaranse os seguintes informes, que terán carácter preceptivo e vinculante:

a) Informe da consellaría competente en materia de sanidade.

En particular, o informe versará sobre os criterios técnico-sanitarios da calidade das augas; sobre as condicións técnico-sanitarias do proxecto de establecemento, nomeadamente sobre as características construtivas do vaso e do resto das instalacións; e sobre as condicións de salubridade que as instalacións deberán cumprir en todo momento durante a vixencia do título administrativo.

b) Informe da Administración hidráulica correspondente.

c) Informe da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

d) Informe do municipio no que se proxecte o aproveitamento pretendido, sobre a adecuación do dito aproveitamento á normativa urbanística.

O dito informe poderá estenderse a outros aspectos de competencia municipal, aínda que só terá carácter vinculante, para os efectos da resolución do procedemento, o pronunciamento relativo á adecuación do aproveitamento á normativa urbanística.

5. En todo caso, solicitaranse os seguintes informes, que terán carácter preceptivo e non vinculante:

a) Informe da consellaría competente en materia de medio rural.

b) Informe da consellaría competente en materia de turismo.

6. No caso de proxectos sometidos a avaliación ambiental, observarase o previsto na dita normativa.

7. Así mesmo, durante a fase de instrución realizaranse os actos de comprobación e inspección que sexan precisos para a fixación do perímetro de protección.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 9. Instrución

1. Logo de presentada a solicitude, o procedemento impulsarase de oficio en todos os seus trámites.

2. Abrirase un período de información pública durante **un prazo de trinta días hábiles**, mediante a publicación do correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e na **páxina web da consellaría correspondente**. Durante o mesmo prazo daráselles audiencia ás persoas interesadas, singularmente ás que teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que se adopte.

3. O órgano instrutor solicitaralles os informes preceptivos, así como aqueloutros que xulgue necesarios, aos órganos en cada caso competentes para a súa emisión.

4. En todo caso, solicitaranse os seguintes informes, que terán carácter preceptivo e vinculante:

a) Informe da consellaría competente en materia de sanidade.

En particular, o informe versará sobre os criterios técnico-sanitarios da calidade das augas e sobre as condicións de salubridade que as instalacións deberán cumprir en todo momento durante a vixencia do título administrativo.

b) Informe da Administración hidráulica correspondente.

c) Informe da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

d) Informe do municipio no que se proxecte o aproveitamento pretendido sobre a adecuación do dito aproveitamento á normativa urbanística e sobre a adecuación á normativa das características construtivas do vaso e do resto das instalacións existentes, de acordo coa normativa que resulte aplicable.

O dito informe poderá estenderse a outros aspectos de competencia municipal, aínda que só terá carácter vinculante, para os efectos da resolución do procedemento, o pronunciamento sobre os aspectos indicados no parágrafo anterior.

d bis) informe do órgano da administración correspondente respecto do cumprimento do establecido na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

5. En todo caso, solicitaranse os seguintes informes, que terán carácter preceptivo e non vinculante:

a) Informe da consellaría competente en materia de medio rural.

b) Informe da consellaría competente en materia de turismo.

6. No caso de proxectos sometidos a avaliación ambiental, observarase o previsto na dita normativa.

7. Así mesmo, durante a fase de instrución realizaranse os actos de comprobación e inspección que sexan precisos para a fixación do perímetro de protección.

EMENDAS PRESENTADAS:

- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, ao apartado 1, de Modificación.
- Substituír no apartado 1 do artigo 9 "prazo de vinte días", por: "prazo de trinta días hábiles".
- ACEPTADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado 2, de Modificación.
- No punto 2 deste artigo, onde di: "... un prazo de vinte días, ...", debe dicir: "... un prazo de trinta días, ..."
- ACEPTADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, ao apartado 2, de Adición.
- No punto 2 deste artigo, despois de: "... no *Diario Oficial de Galicia*. ...", Débese engadir a seguinte expresión: "... e na páxina web da consellaría ..."
- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado 4, de Substitución.
- Débese dar unha nova redacción ao apartado 4, que pasará a ter o seguinte contido:
- "4. En todo caso, solicitaranse os seguintes informes, que terán carácter preceptivo e vinculante:
- a) Informe da consellaría competente en materia de sanidade. En particular, o informe versará sobre os criterios técnico-sanitarios da calidade das augas e sobre as condicións de salubridade que as instalacións deberán cumprir en todo momento durante a vixencia do título administrativo.
 - b) Informe da Administración hidráulica correspondente.
 - c) Informe da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.
 - d) Informe do municipio no que se proxecte o aproveitamento pretendido sobre a adecuación do dito aproveitamento á normativa urbanística e sobre a adecuación á normativa das

características construtivas do vaso e do resto das instalacións existentes, de acordo coa normativa que resulte aplicable.

O dito informe poderá estenderse a outros aspectos de competencia municipal, aínda que só terá carácter vinculante, para os efectos da resolución do procedemento, o pronunciamento sobre os aspectos indicados no parágrafo anterior."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, ao apartado 4.d), de Supresión.

Suprimir no subapartado d) do apartado 4 do Artigo 9, todo o texto a partir de "competencia municipal".

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº20, ao apartado 4.d), de Modificación.

No punto 4, letra d) deste artigo, onde di: "... outros aspectos de competencia municipal, ...", debe dicir: "... outros aspectos de competencia ou interese municipal,..."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado 4.d) bis), de Adición.

Débese engadir no punto 4, deste artigo, unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:
"d bis) Informe da consellaría competente en materia de medio ambiente."

ACEPTADA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, ao apartado 4.d) ter), de Adición.

Débese engadir, neste artigo, unha nova letra d) ter, que terá o seguinte contido:

"d ter) informe do órgano da administración correspondente respecto do cumprimento do establecido na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº21, ao apartado 4.e), de Adición.

Engadir un novo punto e) no apartado 4 do Artigo 9 co seguinte texto:

"e) Informe da consellaría competente en materia de patrimonio."

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº4, ao apartado 4.e), de Adición.

Débese engadir un novo apartado 4.e) co seguinte texto:

"e) Informe municipal onde se cualifique o informe de impacto socio-laboral presentado que indicará se é axeitado para unha verdadeira vertebración socio-económica do Concello."

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº13, ao apartado 5, de Supresión.

Débese suprir o punto 5 xunto cos apartados a) e b).

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº23, ao apartado 5.b) bis), de Adición.

No punto 5 deste artigo, débese engadir unha nova letra b) bis, que terá o seguinte contido:

"b *bis*) Informe da Xunta Asesora de Augas Minerais, Termas, de Manancial e de Establecementos Balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co regulado no artigo 24 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termas, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia."

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº14, ao apartado 7, de Supresión.

Débese suprimir o apartado 7.

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 10. Resolución

1. O procedemento finalizará mediante resolución da persoa titular da consellaría competente en materia de minas.

2. A resolución de outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico das augas termais terá o seguinte contido mínimo:

a) A denominación da instalación como «Espazo termal de / Piscina termal de uso lúdico de ».

b) O prazo de vixencia da autorización ou concesión e as condicións para a solicitude da súa prórroga.

c) O prazo de inicio do aproveitamento.

d) A delimitación dun perímetro de protección que garanta a protección do acuífero en cantidade e calidade e o normal aproveitamento lúdico obxecto de autorización ou concesión.

e) A obriga de acreditar a dispoñibilidade da garantía financeira precisa e do preceptivo seguro de responsabilidade civil.

f) As medidas que deberán ser adoptadas para a protección do aproveitamento.

g) Se é o caso, as actuacións que a persoa titular da autorización ou concesión deberá realizar para os efectos de compatibilizar o aproveitamento lúdico co propio dos establecementos balnearios.

h) As medidas relativas ao peche definitivo e abandono da instalación.

i) Os condicionantes sanitarios, ambientais ou doutro tipo determinados nos informes sectoriais emitidos que teñan carácter preceptivo e vinculante.

j) As condicións que o órgano mineiro competente para resolver impoña para o aproveitamento obxecto de autorización ou concesión.

3. A resolución do procedemento deberá ditarse e notificarse no prazo máximo de doce meses e será obxecto de notificación ás persoas interesadas e de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que fose notificada a resolución expresa, a solicitude de aproveitamento lúdico deberase entender desestimada por silencio administrativo.

4. Así mesmo, practicarase de oficio a inscrición do aproveitamento no Rexistro de augas minerais, termais e de manancial da consellaría competente en materia de minas.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 10. Resolución

1. O procedemento finalizará mediante resolución da persoa titular da consellaría competente en materia de minas.
2. A resolución de outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico das augas termais terá o seguinte contido mínimo:
 - a) A denominación da instalación como «Espazo termal de / Piscina termal de uso lúdico de ».
 - b) O prazo de vixencia da autorización ou concesión e as condicións para a solicitude da súa prórroga.
 - c) O prazo de inicio do aproveitamento.
 - d) A delimitación dun perímetro de protección que garanta a protección do acuífero en cantidade e calidade e o normal aproveitamento lúdico obxecto de autorización ou concesión.
 - e) A obriga de acreditar a dispoñibilidade da garantía financeira precisa e do preceptivo seguro de responsabilidade civil.
 - f) As medidas que deberán ser adoptadas para a protección do aproveitamento.
 - g) Se é o caso, as actuacións que a persoa titular da autorización ou concesión deberá realizar para os efectos de compatibilizar o aproveitamento lúdico co propio dos establecementos balnearios.
 - h) As medidas relativas ao peche definitivo, **restauración** e abandono da instalación.
 - i) Os condicionantes sanitarios, ambientais ou doutro tipo determinados nos informes sectoriais emitidos que teñan carácter preceptivo e vinculante.
 - j) As condicións que o órgano mineiro competente para resolver impoña para o aproveitamento obxecto de autorización ou concesión.
3. A resolución do procedemento deberá ditarse e notificarse no prazo máximo de doce meses e será obxecto de notificación ás persoas interesadas e de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que fose notificada a resolución expresa, a solicitude de aproveitamento lúdico deberase entender desestimada por silencio administrativo.
4. Así mesmo, practicarase de oficio a inscrición do aproveitamento no Rexistro de augas minerais, termais e de manancial da consellaría competente en materia de minas.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº24, ao apartado 1, de Modificación.

No punto 1 deste artigo, onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir: "... en materia de augas ...".

- REXEITAD.**

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº15, ao apartado 2.a, de Modificación.
- Débase substituír o texto deste subapartado polo seguinte:
"a) A denominación da instalación como " Espazo termal terapéutico-medicinal de / Piscina termal terapéutica-medicinal de uso lúdico de ".
- REXEITAD.**

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº16, ao apartado 2.f, de Supresión.
- Débase suprimir o subapartado f)
- REXEITAD.**

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº22, ao apartado 2.a), de Substitución.
- Substitución do subapartado a) do apartado 2 do Artigo 10 polo seguinte:
- "a) A denominación da instalación como ``Aproveitamento lúdico das augas termais de / piscina de uso lúdico-termal de " ".
- REXEITAD.**

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, ao apartado 2.g), de Adición.
- Engadir no subapartado g) do apartado 2 do Artigo 10 o seguinte:
- "e, de ser o caso, aquelas necesarias para protexer outros aproveitamentos próximos".
- ACEPTADA**

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº24, ao apartado 2.h), de Adición.
- Engadir no subapartado h) do apartado 2 do Artigo 10 o seguinte:
engadir: "restauración", despois de: "peche definitivo"
- REXEITAD.**

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, ao apartado 3, de Modificación.

No punto 3 deste artigo, onde di: "... no prazo máximo de doce meses ..." Debe dicir: "... no prazo máximo de oito meses ..."

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº17, ao apartado 3, de Modificación.

Débese substituír o texto: "...doce meses..." por: "...tres meses...".

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 11. Garantía financeira

No prazo dun mes, contado desde a notificación da resolución, a persoa titular da autorización ou concesión deberá acreditar que dispón dunha garantía suficiente, nos termos do disposto no artigo 32 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 12. Seguro de responsabilidade civil
Igualmente, no indicado prazo dun mes, contado desde a notificación da resolución, a persoa titular da autorización ou concesión deberá acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil, para os efectos de facer fronte aos danos que se poidan causar ás persoas, aos animais, aos bens ou ao medio ambiente. Aplicaráselle ao devandito seguro o previsto no artigo 33 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 13. Prazo de inicio do aproveitamento e plan cuadrienal

1. A persoa titular da autorización ou concesión estará obrigada a iniciar o aproveitamento no prazo dun ano, contado desde a data de notificación da resolución de outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico.

2. A devandita persoa titular presentará ao órgano mineiro competente na vixilancia do aproveitamento, dentro do mes de xaneiro e con carácter cuadrienal, un plan de aproveitamento, cuxo obxecto será o seguimento do aproveitamento realizado pola persoa titular. O primeiro plan deberá presentarse dentro do mes de xaneiro do cuarto ano posterior ao do outorgamento da concesión ou autorización de aproveitamento. Ao referido plan seralle aplicable o previsto no artigo 19 do Regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 402/1996, do 31 de outubro,

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº26, ao apartado 1, de Modificación.

No punto 1 deste artigo, onde di: "... no prazo dun ano, contando desde a data de notificación da resolución de outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico.", debe dicir: "... no prazo dun ano, contado a partir da data na que estean debidamente autorizadas as instalacións."

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº25, ao apartado 2, de Adición.

Engadir ao final do apartado 2 do Artigo 13:

" A dita información será de carácter público e accesible."

TEXTO DO PROXECTO:

Sección 3ª. Eficacia e vixencia do título habilitante

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 14. Efectos administrativos do título habilitante
As autorizacións e concesións reguladas nesta lei terán unicamente efectos de carácter administrativo, deixando a salvo os dereitos e as obrigas de carácter civil. Así mesmo, non eximen a persoa titular da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico da obtención das autorizacións e licenzas de competencia doutros órganos ou administracións.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 15. Declaración de utilidade pública do aproveitamento

1. O outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico das augas termais levará implícita a declaración de utilidade pública para os únicos efectos da valoración da compatibilidade ou, no caso de incompatibilidade, da posible prevalencia do aproveitamento lúdico respecto doutros aproveitamentos declarados de utilidade pública.

2. A declaración de utilidade pública do aproveitamento lúdico non comporta o dereito á ocupación temporal ou expropiación forzosa dos terreos nos que emerxen as augas obxecto de aproveitamento.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº5, de Adición.

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 15. bis)
Promoción da economía local e das PEMES e cooperativas.
Dada a grande importancia socioeconómica e potencialidade vertebradora das instalacións lúdico-termais para os Concellos, a Xunta de Galicia incluírá nos seus orzamentos anuais incentivos e axudas para facilitar o acceso aos títulos habilitantes destas instalacións a iniciativas locais de PEMES ou cooperativas."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 16. Prazo de vixencia e prórroga do título habilitante

1. As autorizacións outorgaranse polo período previsto no proxecto de explotación correspondente, cun límite máximo de revisión das condicións do seu outorgamento cada dez anos.

2. As concesións outorgaranse por un período de trinta anos, prorrogables ata un máximo de setenta e cinco anos.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 16. Prazo de vixencia e prórroga do título habilitante

1. As autorizacións outorgaranse polo período previsto no proxecto de explotación correspondente, cun límite máximo de revisión das condicións do seu outorgamento cada dez anos.

2. As concesións outorgaranse por un período de trinta anos, prorrogables de tal forma que, conxuntamente coa concesión inicial, nunca poidan superar os setenta e cinco anos.

2 bis. O titular da concesión deberá solicitar a prórroga con anterioridade mínima dun ano ao remate do prazo de vixencia.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº27, ao apartado 2, de Modificación.

Proponse unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. As concesións outorgaranse por un período de trinta anos, prorrogables de tal forma que, conxuntamente coa concesión inicial, nunca poidan superar os setenta e cinco anos."

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº6, ao apartado 2, de Modificación.

Débese substituír no apartado 2. a seguinte expresión:

Onde di: "ata un máximo de setenta e cinco anos."

Debe dicir: "ata un máximo de cincuenta anos."

ACEPTADA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº28, ao apartado 2 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto 2 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"2 *bis*. O titular da concesión deberá solicitar a prórroga con anterioridade mínima dun ano ao remate do prazo de vixencia."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº29, ao apartado 2 ter), de Adición.

Débese engadir un novo punto 2 ter, que terá o seguinte contido:

"2 *ter*. Calquera explotación das augas obxecto desta lei que non obtivese a necesaria concesión ou autorización, de ser o caso, será considerada ilegal e o organismo competente ordenará a inmediata paralización dela, que se manterá mentres non se legalice a súa situación, sen prexuízo das sancións a que haxa lugar."

TEXTO DO PROXECTO:

Sección 4ª. Suspensión, caducidade e peche definitivo e abandono

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 17. Suspensión da actividade

Cando, como consecuencia das actuacións inspectoras, se comprobe que a actividade de aproveitamento pode xerar risco grave e inminente para a saúde das persoas ou para a seguridade dos bens ou do medio ambiente, poderase ordenar a suspensión da actividade, nos termos do previsto no artigo 49.c) da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº30, de Modificación.

Onde di: "... poderase ordenar a suspensión da actividade ...",
debe dicir: "... ordenará por escrito a suspensión inmediata da
actividade ..."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 18. Caducidade do título habilitante

As autorizacións ou concesións de aproveitamento lúdico declararanse caducadas mediante resolución da persoa titular da consellaría competente en materia de minas nos seguintes supostos:

- a) Por renuncia voluntaria da persoa titular, aceptada pola Administración.
- b) Pola perda da condición de termal das augas obxecto de aproveitamento.
- c) Polo esgotamento do recurso.
- d) Pola diminución do caudal do acuífero que impida a súa explotación nas condicións establecidas no título de aproveitamento.
- e) Pola finalización do prazo para o que foi outorgada a concesión ou as prórrogas sucesivas.
- f) Pola contaminación irreversible do acuífero.
- g) Por manter paralizados os traballos de aproveitamento máis dun ano sen autorización administrativa.
- h) Polo incumprimento das condicións impostas na autorización ou concesión cuxa inobservancia estea expresamente sancionada coa caducidade.
- i) Polos demais supostos previstos nesta lei que comporten a caducidade.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº31, de Modificación.

No primeiro parágrafo deste artigo, onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir: "... en materia de augas ..."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº32, de Adición.

Débese engadir *in fine* neste artigo o seguinte parágrafo:

"Nos supostos recollidos nas letras b), d), f) e h) precisarase un informe da consellaría competente en materia de sanidade, que será vinculante, e, en calquera caso, o órgano competente



daralle conta ao de sanidade das extincións dos
aproveitamentos de augas producidas."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 19. Peche definitivo e abandono

A persoa titular da autorización ou concesión, ao pechar definitivamente e abandonar o aproveitamento, estará obrigada a deixar os terreos nas debidas condicións de seguridade para as persoas e bens. A este respecto, solicitaralle autorización para o peche definitivo e abandono á xefatura territorial competente en materia de minas, a cal, tras as comprobacións oportunas, autorizará o abandono ou impoñerá as condicións previas que considere necesarias. Neste último caso, deberá presentarse unha nova solicitude de autorización de peche definitivo e abandono. Presentada a dita solicitude, e verificado o cumprimento das condicións impostas, o devandito órgano autorizará o peche definitivo e o abandono do aproveitamento.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 19. Peche definitivo e abandono

A persoa titular da autorización ou concesión, ao pechar definitivamente e abandonar o aproveitamento, estará obrigada a deixar os terreos nas debidas condicións de seguridade para as persoas e bens. A este respecto, solicitaralle autorización para o peche definitivo e abandono á xefatura territorial competente en materia de minas, a cal, tras as comprobacións oportunas, autorizará o abandono ou impoñerá as condicións previas que considere necesarias. Neste último caso, deberá presentarse unha nova solicitude de autorización de peche definitivo e abandono. Presentada a dita solicitude, e verificado o cumprimento das condicións impostas, o devandito órgano autorizará o peche definitivo e o abandono do aproveitamento.

En todo caso, deberá comprobarse o cumprimento das condicións do peche ou abandono previamente establecidas segundo recolle o artigo 8.h) desta lei.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº33, de Adición.

Débese engadir *in fine* o seguinte parágrafo:

"En todo caso, deberá comprobarse o cumprimento das condicións do peche ou abandono previamente establecidas segundo recolle o artigo 8.h) desta lei."

TEXTO DO PROXECTO:

Sección 5ª. Modificación e transmisión do título habilitante

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 20. Modificación

1. A modificación da autorización ou concesión de aproveitamento está sometida a previa autorización administrativa.

2. No caso de que a persoa titular da autorización ou concesión administrativa de aproveitamento quixer modificar o aproveitamento, mediante a disposición dun maior caudal, de novas instalacións ou dun novo réxime de explotación, ou en calquera outra cuestión, deberá presentar a oportuna solicitude ante a consellaría competente en materia de minas. Con esta solicitude achegará un novo proxecto de aproveitamento, suscrito por técnico/a competente, no que se especificarán as modificacións propostas, así como un novo estudo de viabilidade económica.

3. No caso de que as características técnicas da modificación pretendida supoñan unha alteración substancial do aproveitamento inicialmente autorizado ou concedido, a persoa interesada deberá presentar, a maiores do previsto no número 2, a documentación que xustifique as solvencias económica e técnica da persoa solicitante, á que se engadirá, se for necesario, a documentación exixida pola normativa aplicable en materia de avaliación ambiental e a que xustifique a ampliación da garantía acreditada dispoñible e do seguro de responsabilidade civil acreditado dispoñible.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 20. Modificación

1. A modificación da autorización ou concesión de aproveitamento está sometida a previa autorización administrativa.

2. No caso de que a persoa titular da autorización ou concesión administrativa de aproveitamento quixer modificar o aproveitamento, mediante a disposición dun maior caudal, de novas instalacións ou dun novo réxime de explotación, ou en calquera outra cuestión, deberá presentar a oportuna solicitude ante a consellaría competente en materia de minas. Con esta solicitude achegará un novo proxecto de aproveitamento, suscrito por técnico/a competente, no que se especificarán as modificacións propostas, así como un novo estudo de viabilidade económica.

3. No caso de que as características técnicas da modificación pretendida supoñan unha alteración substancial do aproveitamento inicialmente autorizado ou concedido, a persoa

interesada deberá presentar, a maiores do previsto no número 2, a documentación que xustifique as solvencias económica e técnica da persoa solicitante, á que se engadirá, se for necesario, a documentación exixida pola normativa aplicable en materia de avaliación ambiental e a que xustifique a ampliación da garantía acreditada dispoñible e do seguro de responsabilidade civil acreditado dispoñible.

4. Para o suposto de que a modificación se refira a un aproveitamento para uso lúdico autorizado no perímetro de protección dun establecemento de balneario, deberá outorgarse un trámite de audiencia á persoa titular do dito establecemento, para os efectos de que poida alegar o que considere oportuno en relación coa modificación que se pretende. En ningún caso se autorizará a modificación dun aproveitamento que poida comportar un prexuízo ao normal aproveitamento do establecemento de balneario.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº34, ao apartado 2, de Modificación.

No punto 2 deste artigo, onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir: "... en materia de augas ..."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº26, ao apartado 2, de Modificación.

Modificar a redacción do final do apartado 2 do Artigo 20 a partir de "en materia de minas.", que quedaría como segue:

"Con esta solicitude achegará a documentación requirida no artigo 9."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, ao apartado 3, de Supresión.

Suprimir o apartado 3 do Artigo 20.

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº35, ao apartado 3, de Adición.

No punto 3 deste artigo, logo de: "... do aproveitamento inicialmente autorizado ou concedido, ...", débese engadir: "... que, en todo caso, se entenderá cando á alteración sexa

superior ao 10 % do aproveitamento na cantidade autorizada ou obxecto da concesión, ..."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº36, ao apartado 3 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 *bis*. O trámite que hai que seguir para a probación das modificacións será o establecido no artigo 9 desta lei."

ACEPTADA

-Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº5, ao apartado 4, de Adición.

Débese engadir un novo apartado 4, co seguinte contido:

"4. Para o suposto de que a modificación se refira a un aproveitamento para uso lúdico autorizado no perímetro de protección dun establecemento de balneario, deberá outorgarse un trámite de audiencia á persoa titular do dito establecemento, para os efectos de que poida alegar o que considere oportuno en relación coa modificación que se pretende. En ningún caso se autorizará a modificación dun aproveitamento que poida comportar un prexuízo ao normal aproveitamento do establecemento de balneario."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 21. Transmisión

As autorizacións e concesións poderán ser gravadas, transmitidas ou arrendadas por calquera medio admitido en dereito, logo da autorización administrativa, a calquera persoa que reúna as condicións para obter o título habilitante para o aproveitamento lúdico.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, de Adición.

Engadir no Artigo 21 o seguinte texto:

“Estas cuestións será publicadas, para o seu coñecemento público, no *Diario Oficial de Galicia*.”

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº37, de Adición.

Débase engadir un novo artigo 21 bis, que terá o seguinte contido:

“Artigo 21 bis. Outorgamento por concurso público

Declarada a extinción dunha concesión, e sempre que a perda non for consecuencia das condicións ou características que serviron de base para o seu aproveitamento, o órgano competente concederá o aproveitamento mediante concurso público, de acordo co procedemento establecido na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, e das normas que regulamentarias a desenvolven.”

TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO III

Dereitos e obrigas das persoas titulares de autorizacións e concesións de aproveitamento lúdico

Artigo 22. Dereitos

A autorización ou a concesión de aproveitamento lúdico das augas termais outórgalle á persoa titular os seguintes dereitos:

- a) Dereito á utilización exclusiva das augas na forma e condicións e durante o tempo que fose fixado na correspondente resolución administrativa.
- b) Dereito á protección do acuífero na cantidade e calidade precisas para o normal aproveitamento, nos termos en que se concedese.
- c) Dereito a impedir a realización, dentro do perímetro de protección fixado, de traballos ou actividades que poidan prexudicar o acuífero ou o seu normal aproveitamento. Para tal fin, o desenvolvemento de traballos ou actividades dentro do perímetro de protección estará sometido a autorización administrativa do órgano competente en materia de minas, debendo dársele audiencia no correspondente procedemento á persoa titular da autorización ou concesión.

INFORME DA PONENCIA:

CAPÍTULO III

Dereitos e obrigas das persoas titulares de autorizacións e concesións de aproveitamento lúdico

Artigo 22. Dereitos

A autorización ou a concesión de aproveitamento lúdico das augas termais outórgalle á persoa titular os seguintes dereitos:

- a) Dereito á utilización exclusiva das augas na forma e condicións e durante o tempo que fose fixado na correspondente resolución administrativa.
- b) Dereito á protección do acuífero na cantidade e calidade precisas para o normal aproveitamento, nos termos en que se concedese.
- c) Dereito a impedir a realización, dentro do perímetro de protección fixado, de traballos ou actividades que poidan prexudicar o acuífero ou o seu normal aproveitamento. Para tal fin, o desenvolvemento de traballos ou actividades dentro do perímetro de protección estará sometido a autorización administrativa do órgano competente en materia de minas,

debedo dársele audiencia no correspondente procedemento á persoa titular da autorización ou concesión.

d) Dereito a solicitar dos organismos oportunos a observancia ou actuación cando teñan lugar no perímetro de protección ou nas súas inmediacións traballos ou actividades que, non prexudicando o acuífero, poidan ser lesivos respecto das condicións sanitarias, patrimoniais, medioambientais ou culturais do desenvolvemento do uso lúdico das instalacións.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº29, ao apartado a), de Substitución.

Substituír o apartado a) do Artigo 22:

“a) Dereito á utilización das augas na forma, condicións e durante o tempo que fose fixado na correspondente resolución administrativa, sen prexuízo da posibilidade de compatibilidade, se for o caso, coa existencia de usos públicos delas, mediante xestión directa ou concesión, por parte da administración pública nos termos en que se determine.”

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, ao apartado b), de Substitución.

Substituír o apartado b) do Artigo 22 polo seguinte texto:

“b) Dereito á protección do acuífero nos termos en que se concedese respecto da cantidade e calidade precisas para o seu normal aproveitamento.”

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº31, ao apartado c), de Substitución.

Substituír o apartado c) do Artigo 22 polo seguinte:

“c) Dereito a empregar os recursos administrativos e legais oportunos para impedir a realización, no perímetro de protección fixado, de traballos ou actividades que poidan prexudicar o acuífero ou o seu normal aproveitamento. Para tal fin, o desenvolvemento de traballos ou actividades dentro do perímetro de protección estará sometido a autorización administrativa do órgano competente en materia de minas,

debedo darse audiencia no correspondente procedemento á persoa titular da autorización ou da concesión.

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº38, ao apartado c), de Modificación.

Na letra c) deste artigo, onde di: "... en materia de minas, ...",
debe dicir: "... en materia de augas, ..."

ACEPTADA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº32, ao apartado c) bis), de Adición.

Engadir un novo apartado d) no Artigo 22 co seguinte texto:

"d) Dereito a solicitar dos organismos oportunos a observancia ou actuación cando teñan lugar no perímetro de protección ou nas súas inmediacións traballos ou actividades que, non prexudicando o acuífero, poidan ser lesivos respecto das condicións sanitarias, patrimoniais, medioambientais ou culturais do desenvolvemento do uso lúdico das instalacións."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 23. Obrigas e prohibicións

A autorización ou a concesión de aproveitamento lúdico das augas termais imponse á persoa titular as seguintes obrigas e prohibicións:

- a) Obriga, respecto das augas termais, de consignar en lugar visible os seus datos máis significativos, e nomeadamente os relativos á temperatura de emerxencia e á declaración termal das ditas augas; se é o caso, tamén de consignar os relativos á eventual declaración mineromedicinal que adicionalmente poidan ter as augas, sen que tal información obxectiva presupoña vinculación respecto do uso terapéutico que poidan atribuírles as persoas usuarias, e remarcando neste caso que o aproveitamento se fai con base na declaración termal.
- b) Obriga de informar das eventuais contraindicacións que o uso lúdico desas augas poida supoñer para a saúde das persoas.
- c) Obriga, respecto dos usos, de limitarse á oferta e prestación dos servizos propios do aproveitamento lúdico, posibilitándose a existencia de instalacións complementarias para eses usos como as destinadas a saunas, baños de vapor ou tratamentos estéticos.
- d) Prohibición, respecto dos usos, de que nas instalacións lúdicas se oferten, presten ou garantan servizos terapéuticos das augas que excedan os propios do seu aproveitamento lúdico, e correlativa obriga de consignar en lugar visible a dita prohibición.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 23. Obrigas e prohibicións

A autorización ou a concesión de aproveitamento **exclusivamente** lúdico das augas termais imponse á persoa titular as seguintes obrigas e prohibicións:

- a) Obriga, respecto das augas termais, de consignar en lugar visible os seus datos máis significativos, e nomeadamente os relativos á temperatura de emerxencia e á declaración termal das ditas augas; se é o caso, tamén de consignar os relativos á eventual declaración mineromedicinal que adicionalmente poidan ter as augas, sen que tal información obxectiva presupoña vinculación respecto do uso terapéutico que poidan atribuírles as persoas usuarias, e remarcando neste caso que o aproveitamento se fai con base na declaración termal.

b) Obriga de informar das eventuais contraindicacións que o uso lúdico desas augas poida supoñer para a saúde das persoas.

c) Obriga, respecto dos usos, de limitarse á oferta e prestación dos servizos propios do aproveitamento lúdico, posibilitándose a existencia de instalacións complementarias para eses usos como as destinadas a saunas, baños de vapor ou tratamentos estéticos.

d) Prohibición, respecto dos usos, de que nas instalacións lúdicas se oferten, presten ou garantan servizos terapéuticos das augas que excedan os propios do seu aproveitamento lúdico, e correlativa obriga de consignar en lugar visible a dita prohibición.

As obrigas de información pública ás que se refire este artigo deberán igualmente reflectirse, se é o caso, na páxina web das instalacións termais correspondentes.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº33, de Substitución.

Substitución do título do Artigo 23 por: "Obrigas e prohibicións dos aproveitamentos exclusivamente lúdicos".

TRANSACC. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº39, de Adición.

Débese engadir un novo parágrafo ao final deste artigo, que terá o seguinte contido:

"As obrigas de información pública ás que se refire ese artigo deberán igualmente reflectirse na páxina web das instalacións termais correspondentes."

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº34, de Adición.

Engadir no Artigo 23 na primeira liña entre "aproveitamento" e "lúdico", o seguinte: "exclusivamente".

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº18, ao apartado c, de Adición.

Débese engadir, ao final, despois do texto: "...ou tratamentos estéticos." o seguinte: "...ou fisioterapéuticos."

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº19, ao apartado d, de Modificación.

Débese substituír, na segunda liña, o texto: "..terapéuticos das
aguas..." polo seguinte: "...terapéuticos medicinais..."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº35, de Adición.

Engadir un novo Artigo 23 Bis co seguinte texto:

“Artigo 23 bis. Obrigas e prohibicións para aqueles aproveitamentos que combinan o seu uso lúdico co seu uso terapéutico ou mineromedicinal

a) Aqueles aproveitamentos que combinan o seu uso lúdico co seu uso terapéutico ou minero-medicinal deben fornecer ás persoas usuarias información clara e suficiente sobre os itinerarios lúdicos e terapéuticos que ofrecen, a súa compatibilidade e as posibles restricións e contraindicacións que poidan existir para a saúde das persoas e de determinadas afeccións.

b) Informarán de forma visible dos datos máis significativos respecto das súas augas termais, particularmente o referido á temperatura e á declaración de augas mineromedicinais.”

TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO IV

Condicións das instalacións

Artigo 24. Condicións hixiénico-sanitarias das instalacións

1. En materia hixiénico-sanitaria, correspóndelle á consellaría competente en materia de sanidade establecer os requisitos técnicos e as condicións mínimas dos espazos termais e das piscinas termais de uso lúdico.

2. Mediante o correspondente desenvolvemento regulamentario, o Consello da Xunta determinará os requisitos hixiénico-sanitarios dos espazos termais distintos das piscinas termais de uso lúdico. Estas últimas suxeitaranse ao Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, nos termos previstos no dito real decreto, e á normativa autonómica ditada en desenvolvemento da dita norma básica.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº36, ao apartado 1, de Modificación.
- Substituír no apartado 1 do Artigo 24 “espazos termais”, por: “aproveitamentos lúdicos de augas termais”.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación.
- Substituír no apartado 1 do Artigo 24 “piscinas termais de uso lúdico”, por: “piscina de uso lúdico-termal”.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº40, ao apartado 2, de Modificación.
- No punto 2 deste artigo, onde di: “... . Estas últimas suxeitaranse ...”, debe dicir: “... . Estas últimas suxeitaranse, de ser o caso, ...”
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº38, ao apartado 2, de Modificación.

Substituír no apartado 2 do Artigo 24 “espazos termais”, por:
“aproveitamentos lúdicos de augas termais”.

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº39, ao apartado 2, de Modificación.

Substituír no apartado 2 do Artigo 24 “piscinas termais de uso
lúdico”, por: “piscina de uso lúdico-termal”.

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 25. Condicións de accesibilidade e seguridade das instalacións

1. A persoa titular da autorización ou concesión estará obrigada a cumprir a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e a restante normativa aplicable en materia de accesibilidade, para os efectos de garantir que as instalacións termais sexan utilizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da maneira máis autónoma e natural posible.

2. Da mesma maneira, a persoa titular deberá asegurarse de que as instalacións termais contén cos elementos precisos dirixidos a previr situacións de risco para a saúde das persoas usuarias, así como cunhas adecuadas condicións de salubridade, todo o anterior co fin de acadar un elevado nivel de protección da saúde e seguridade das persoas no aproveitamento lúdico das augas termais.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 25. Condicións de accesibilidade e seguridade das instalacións

1. A persoa titular da autorización ou concesión estará obrigada a cumprir a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e a restante normativa aplicable en materia de accesibilidade, para os efectos de garantir que as instalacións termais sexan utilizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da maneira máis autónoma e natural posible.

2. Da mesma maneira, a persoa titular deberá asegurarse de que as instalacións termais contén cos elementos precisos dirixidos a previr situacións de risco para a saúde das persoas usuarias, así como cunhas adecuadas condicións de salubridade, todo o anterior co fin de acadar un elevado nivel de protección da saúde e seguridade das persoas no aproveitamento lúdico das augas termais.

3. A persoa titular garantirá a formación específica en materia de seguridade e prevención necesaria para o correcto funcionamento do previsto nos puntos 1 e 2, así como para previr situacións de risco para a saúde das persoas traballadoras da instalación.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº40, de Adición.

Engadir un novo apartado 3 no Artigo 25 co seguinte texto:

“3. A persoa titular garantirá a formación específica en materia de seguridade e prevención necesaria para o correcto funcionamento dos puntos 1 e 2, así como para previr situacións de risco para a saúde das persoas traballadoras da instalación.”

TEXTO DO PROXECTO:

TÍTULO III

Prelación e compatibilidade entre aproveitamentos terapéuticos e lúdicos das augas termais

Artigo 26. Prelación entre aproveitamentos terapéuticos e lúdicos

1. Cando, como consecuencia do previsto no artigo 4.3, unhas mesmas augas declaradas termais sexan, en virtude da súa declaración ou declaracións, susceptibles de aproveitamentos terapéuticos e lúdicos, o título habilitante para o aproveitamento lúdico poderá outorgarse logo de acreditado que transcorreron os prazos de exercicio dos dereitos preferentes para o aproveitamento terapéutico das augas sen que tales dereitos fosen exercidos e de declinada pola Administración a posibilidade de convocatoria do concurso público para o outorgamento de título habilitante para o dito aproveitamento terapéutico. No relativo aos dereitos preferentes e á convocatoria do concurso, haberá que aterse ao disposto na normativa reguladora dos ditos aproveitamentos terapéuticos.

2. No procedemento de outorgamento do título habilitante para o aproveitamento lúdico daráselles en todo caso audiencia ás persoas interesadas, e singularmente ás que poidan ter expectativas no aproveitamento terapéutico, para que aleguen o que consideren oportuno.

3. Para o outorgamento do título habilitante correspondente a cada tipo de aproveitamento haberá que aterse ao que dispoña a respectiva normativa aplicable.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº41, ao apartado 2 bis), de Adición.

Engadir un novo apartado 2 Bis no artigo 26 co seguinte texto:
“2 bis. No procedemento de outorgamento do título habilitante para o aproveitamento lúdico de augas susceptibles de aproveitamentos terapéuticos terase en conta a oferta preexistente na comarca de nacemento das augas, de forma

que se dará prelación ao terapéutico pola súa utilidade pública no caso de que este non estea desenvolvido.”

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº20, ao apartado 3, de Modificación.

Débese substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:

"3.Para a resolución do conflito, prevalecerá o aproveitamento terapéutico-medicinal."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 27. Compatibilidade de aproveitamentos terapéuticos e lúdicos

1. As augas termais procedentes dunha mesma emerxencia poderán ser simultaneamente obxecto de aproveitamento terapéutico e lúdico, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que as augas termais dispoñan da declaración ou declaracións necesarias para ambos os aproveitamentos.
- b) Que a persoa titular de ambos os aproveitamentos sexa a mesma.
- c) Que resulte acreditada a suficiencia e sostibilidade de recurso para ambos os aproveitamentos.

2. Para o outorgamento do título habilitante correspondente a cada tipo de aproveitamento haberá que aterse ao que dispoña a respectiva normativa aplicable.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 27. Compatibilidade de aproveitamentos terapéuticos e lúdicos

1. As augas termais procedentes dunha mesma emerxencia poderán ser simultaneamente obxecto de aproveitamento terapéutico e lúdico, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que as augas termais dispoñan da declaración ou declaracións necesarias para ambos os aproveitamentos.
- b) Que a persoa titular de ambos os aproveitamentos sexa a mesma.
- c) Que resulte acreditada a suficiencia e sostibilidade de recurso para ambos os aproveitamentos.

2. Para o outorgamento do título habilitante correspondente a cada tipo de aproveitamento haberá que aterse ao que dispoña a respectiva normativa aplicable.

3. A compatibilidade entre ambos os aproveitamentos deberá estar debidamente detallada no proxecto de aproveitamento e deberá figurar de forma clara e visible para as persoas usuarias.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº7, ao apartado 1.b), de Supresión.

Débase suprimir o apartado b) do punto 1.

REXEITAD.

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº21, ao apartado 2 bis), de Adición.

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

" 2 *bis*. Para o outorgamento do título habilitante teranse en conta os proxectos complementarios de explotación termal que inclúan plans que fomenten o cooperativismo, para que de xeito sostible pequenas empresas poidan participar do tecido empresarial asociado ás augas termais."

ACEPTADA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº42, ao apartado 3, de Adición.

Engadir un novo apartado 3 no Artigo 27 co seguinte texto:

"3. A compatibilidade entre ambos os aproveitamentos deberá estar debidamente detallada no proxecto de aproveitamento e deberá figurar de forma clara e visible para as persoas usuarias."

TEXTO DO PROXECTO:

TÍTULO IV

Réxime de inspección e sanción

Artigo 28. Inspección

Será aplicable á inspección en materia de aproveitamento lúdico das augas termais o réxime de inspección mineira previsto no capítulo I do título VI da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 29. Concepto e clasificación das infraccións

1. Son infraccións as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas na lei, de acordo co previsto nos artigos seguintes.

2. As infraccións tipificadas nesta lei clasifícanse en moi graves, graves e leves.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 30. Infraccións moi graves

Son infraccións moi graves:

a) O aproveitamento lúdico das augas termais carecendo da preceptiva autorización ou concesión ou estando esta caducada, suspendida, anulada ou revogada.

Incluirase neste suposto a continuación do aproveitamento logo de ditada resolución de paralización nos termos previstos na disposición transitoria primeira.

b) A utilización das augas termais para usos distintos dos previstos na correspondente autorización ou concesión de aproveitamento lúdico.

c) A cesión ou transmisión da autorización ou concesión sen a previa autorización administrativa.

d) O incumprimento das condicións previstas na resolución de outorgamento da autorización ou concesión, cando con iso se poña en risco a saúde das persoas ou a seguridade dos bens ou o medio ambiente.

e) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección mineira que impida total ou parcialmente o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.

f) A deterioración significativa da calidade ou cantidade do acuífero por causas imputables á persoa titular da autorización ou concesión.

g) A falta de presentación do plan cuadrienal de aproveitamento ou a súa presentación fóra do primeiro ano que corresponda.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 30. Infraccións moi graves

Son infraccións moi graves:

a) O aproveitamento lúdico das augas termais carecendo da preceptiva autorización ou concesión ou estando esta caducada, suspendida, anulada ou revogada.

Incluirase neste suposto a continuación do aproveitamento logo de ditada resolución de paralización nos termos previstos na disposición transitoria primeira.

b) A utilización das augas termais para usos distintos dos previstos na correspondente autorización ou concesión de aproveitamento lúdico.

c) A cesión ou transmisión da autorización ou concesión sen a previa autorización administrativa.

- d) O incumprimento das condicións previstas na resolución de outorgamento da autorización ou concesión, cando con iso se poña en risco a saúde das persoas ou a seguridade dos bens ou o medio ambiente.
- e) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección mineira que impida total ou parcialmente o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.
- f) A deterioración significativa da calidade ou cantidade do acuífero por causas imputables á persoa titular da autorización ou concesión.
- g) O incumprimento da obriga de dispoñer da necesaria garantía financeira e/ou do preceptivo seguro de responsabilidade civil.**
- h) A comisión dunha infracción grave, cando fose sancionado/a por resolución firme en vía administrativa, no prazo de dous anos, por dúas ou máis infraccións graves.**

EMENDAS PRESENTADAS:

TRANSACC. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº41, de Adición.

Débese engadir un novo punto g) bis, que terá o seguinte contido:
"g *bis*) A reiteración de infraccións graves."

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº22, ao apartado e, de Supresión.

Débese suprimir o apartado e).

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº23, ao apartado f, de Modificación.

O apartado f) pasará a ser o apartado e) e conterá o seguinte texto::
"e) A deterioración significativa da calidade ou cantidade do acuífero por causas imputables á persoa titular da autorización ou concesión".

ACEPTADA -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº24, ao apartado g, de Supresión.

Débese suprimir o partado g).

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº43, ao apartado b), de Adición.

Engadir no apartado b) do Artigo 30 o seguinte texto:

“Particularmente, a incorrecta información ás persoas usuarias respecto do uso terapéutico das augas no caso de este non estar debidamente recoñecido e acreditado, sen prexuízo de que se indiquen os beneficios e propiedades das ditas augas.”

ACEPTADA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº44, ao apartado h), de Adición.

Engadir un novo punto h) no Artigo 30 co seguinte texto:

“h) O incumprimento da obriga de dispoñer da necesaria garantía financeira e/ou do preceptivo seguro de responsabilidade civil.”

TRANSACC.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº45, ao apartado i), de Adición.

Engadir un novo apartado i) no Artigo 30 co seguinte texto:

“i) A reiteración de infraccións consideradas como graves (artigo 31 desta lei).

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 31. Infraccións graves

Son infraccións graves:

- a) A falta de inicio do aproveitamento no prazo establecido no artigo 13.1.
- b) A modificación, paralización ou abandono do aproveitamento sen a previa autorización administrativa.
- c) O incumprimento da obriga de dispoñer da necesaria garantía financeira e/ou do preceptivo seguro de responsabilidade civil.
- d) A presentación do plan cuadrienal de aproveitamento fóra do prazo establecido pero dentro do segundo semestre do ano que corresponda.
- e) A obstrución que dificulte gravemente a actuación dos servizos de inspección mineira.
- f) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineira ou a demora na súa atención, referidos ao cumprimento das condicións dirixidas a garantir a seguridade e a evitar danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 31. Infraccións graves

Son infraccións graves:

- a) A falta de inicio do aproveitamento no prazo establecido no artigo 13.1.
- b) A modificación, paralización ou abandono do aproveitamento sen a previa autorización administrativa.
- c) **(supresión)**
- d) **(supresión)**
- e) A obstrución que dificulte gravemente a actuación dos servizos de inspección mineira.
- f) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineira ou a demora na súa atención, referidos ao cumprimento das condicións dirixidas a garantir a seguridade e a evitar danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.
- f bis) O incumprimento das obrigas de información recollidas no artigo 23 desta lei.**
- g) A comisión dunha infracción leve, cando fose sancionado/a por resolución firme en vía administrativa, no prazo de dous anos, por dúas ou máis infraccións leves.**

EMENDAS PRESENTADAS:

- ACEPTADA** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº25, ao apartado d, de Supresión.
- Débese suprimir o apartado d).
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº26, ao apartado e, de Supresión.
- Deébese suprimir o apartado e).
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº27, ao apartado f, de Supresión.
- Débese suprimir o apartado f).
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº46, ao apartado b), de Adición.
- Engadir no apartado b) do Artigo 31 despois de “paralización”, o seguinte: “ampliación”.
- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº47, ao apartado c), de Supresión.
- Suprimir o apartado c) do Artigo 31.
- ACEPTADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº42, ao apartado f) bis), de Adición.
- Débese engadir unha nova letra f) bis neste artigo, que terá o seguinte contido:
- "f bis) O incumprimento das obrigas de información recollidas no artigo 23 desta lei."
- TRANSACC.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº43, ao apartado f) ter), de Adición.
- Débese engadir unha nova letra f) ter, que terá o seguinte contido.
- "f ter) A reiteración de infraccións leves."
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº48, ao apartado g), de Adición.

Engadir un novo apartado g) no Artigo 31 co seguinte texto:

“g) O incumprimento do previsto no plan cuadrienal de aproveitamento.”

TRANSACC.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº49, ao apartado h), de Adición.

Engadir un novo apartado h) no Artigo 31 co seguinte texto:

“h) A reiteración de infraccións consideradas como leves (artigo 32 desta lei).”

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 32. Infraccións leves

Son infraccións leves:

- a) A presentación do plan cuadrienal de aproveitamento fóra do prazo establecido pero dentro do primeiro semestre do ano que corresponda.
- b) A dispoñibilidade da necesaria garantía financeira e/ou do seguro de responsabilidade civil fóra do prazo establecido.
- c) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineira ou a demora na súa atención, sempre que non se refiran ao cumprimento das condicións dirixidas a garantir a seguridade e a evitar danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 32. Infraccións leves

Son infraccións leves:

- a) A presentación do plan cuadrienal de aproveitamento fóra do prazo establecido pero dentro do primeiro semestre do ano que corresponda.
- b) A dispoñibilidade da necesaria garantía financeira e/ou do seguro de responsabilidade civil fóra do prazo establecido.
- c) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineira ou a demora na súa atención, sempre que non se refiran ao cumprimento das condicións dirixidas a garantir a seguridade e a evitar danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº28, ao apartado c bis), de Adición.

Débase endadir un novo apartado co seguinte texto:

"c bis) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineira ou a demora na súa atención, referidos ao cumprimento das condicións dirixidas a garantir a seguridade e a evitar danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente."

TRANSACC. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº29, ao apartado c ter), de Adición.

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"c *ter*) A reiteración da falta elevará a consideración da infracción, subindo o grao de leve a grave e de grave a moi grave."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 33. Prescrición das infraccións
As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) Dous anos, no caso de infraccións moi graves.
- b) Un ano, no caso de infraccións graves.
- c) Seis meses, no caso de infraccións leves.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 33. Prescrición das infraccións
As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos, **contados desde a comisión do feito ou desde a súa detección**:

- a) Dous anos, no caso de infraccións moi graves.
- b) Un ano, no caso de infraccións graves.
- c) Seis meses, no caso de infraccións leves.

EMENDAS PRESENTADAS:

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº50, de Substitución.

Substituír o texto do Artigo 33 polo seguinte:

"Artigo 33. *Prescrición e reiteración das infraccións*
1. As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos prazos recollidos pola Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios de Galicia:

- a) Dous anos, no caso de infraccións moi graves.
- b) Un ano, no caso de infraccións graves.
- c) Seis meses, no caso de infraccións leves.

2. Considérase que existe reiteración cando se cometan dúas ou máis infraccións do mesmo grao que foron obxecto de sanción antes de finalizar a súa prescrición, conforme a citada lei."

ACEPTADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº44, de Adición.

Despois de: "As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos: ...", débese engadir: "... contados desde a comisión do feito ou desde a súa detección: ..."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 34. Sancións

1. As infraccións tipificadas nesta lei serán sancionadas:

a) As infraccións leves, con multa de ata 900 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata 300 euros; o grao medio, de 301 a 600 euros; e o grao máximo, de 601 a 900 euros.

b) As infraccións graves, con multa desde 901 euros ata 9.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 901 a 3.600 euros; o grao medio, de 3.601 a 6.300 euros; e o grao máximo, de 6.301 a 9.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multa desde 9.001 euros ata 90.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 9.001 a 36.000 euros; o grao medio, de 36.001 a 63.000 euros; e o grao máximo, de 63.001 a 90.000 euros.

2. Pola comisión de infraccións graves poderá impoñerse como sanción accesoria a suspensión temporal do aproveitamento coa clausura da explotación por un período non superior a dous meses.

3. Pola comisión de infraccións moi graves poderá impoñerse como sanción accesoria a suspensión temporal do aproveitamento coa clausura da explotación por un período de entre dous meses e un ano ou a caducidade do título habilitante para o aproveitamento.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº51, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír o apartado 1 do Artigo 34 polo seguinte:

“1. As infraccións tipificadas nesta lei serán sancionadas da seguinte forma:

a) As infraccións leves, con multa de ata 1.800 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata os 600 euros; o grao medio, de 601 a 1.200 euros; e o grao máximo, de 1.201 a 1.800 euros.

b) As infraccións graves, con multa desde 1.801 euros ata 18.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 1.801 euros a 7.200 euros; o grao medio, de 7.201 a 12.600 euros; e o grao máximo, de 12.601 a 18.000 euros.



c) As infraccións graves, con multa de 18.001 euros ata 180.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 18.001 euros a 72.000 euros; o grao medio, de 72.001 euros a 126.000 euros; e o grao máximo, de 126.001 a 180.000 euros.”

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 35. Graduación das sancións

Na determinación do importe das sancións teranse en conta a transcendencia da infracción respecto de persoas e bens, a participación e o beneficio obtido, a intencionalidade do infractor, a deterioración producida na calidade do recurso e as demais previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 35. Graduación das sancións

Na determinación do importe das sancións teranse en conta a transcendencia da infracción respecto de persoas e bens, a participación e o beneficio obtido, a intencionalidade do infractor, a deterioración producida na calidade do recurso e as demais previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Igualmente, haberá que atermose ao disposto no recollido no artigo 28 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº45, de Adición.

Débase engadir *in fine* o seguinte texto:

"... .Igualmente, haberá que atermose ao disposto no recollido no artigo 28 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 36. Prescrición das sancións

As sancións previstas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) Tres anos, no caso de infraccións moi graves.
- b) Dous anos, no caso de infraccións graves.
- c) Un ano, no caso de infraccións leves.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 37. Obrigas de reposición e de indemnización de danos e perdas

1. Sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, a persoa infractora estará obrigada á reposición da situación alterada ao seu estado orixinario e a indemnizar os danos e perdas causados.

2. O incumprimento desta obriga de restitución das cousas ao seu estado orixinario e/ou de indemnización de danos facultará a consellaría competente en materia de minas para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa da persoa obrigada, utilizando, se é o caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do seu custo. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 38. Competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei

A competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei corresponderalle:

- a) Nas infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial competente en materia de minas.
- b) Nas infraccións graves, á persoa titular da dirección xeral competente en materia de minas.
- c) Nas infraccións moi graves, á persoa titular da consellaría competente en materia de minas.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº49, de Adición.

Débase engadir *in fine* o seguinte texto:

"As sancións moi graves no seu grao máximo e, en todo caso, a extinción da concesión ou autorización, se é o caso, do aproveitamento acordaraas o Consello da Xunta de Galicia."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº46, ao apartado a), de Modificación.

Na letra a) deste artigo, onde di: "... en materia de minas.", debe dicir: "... en materia de augas."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº47, ao apartado b), de Modificación.

Na letra b) deste artigo, onde di: "... en materia de minas.", debe dicir: "... en materia de augas."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº48, ao apartado c), de Modificación.

Na letra c) deste artigo, onde di: "... en materia de minas.", debe dicir: "... en materia de augas."

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº52, ao apartado d), de Adición.

Engadir un novo apartado d) no Artigo 38 co seguinte texto:

“d) Os órganos competentes en materia de minas informarán os órganos competentes doutros ámbitos sectoriais daquelas cuestións que lles competen que poidan estar a incorrer nunha infracción.”

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 39. Remisión normativa

En relación co procedemento que se debe seguir para o exercicio da potestade sancionadora e cos principios aplicables ao exercicio da dita potestade, haberá que aterse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 40. Competencia sancionadora noutros ámbitos sectoriais

1. Os incumprimentos en materia sanitaria serán sancionados polo órgano sanitario competente de acordo co disposto na lexislación sectorial aplicable.

2. Os incumprimentos da restante normativa sectorial serán sancionados polo órgano en cada caso competente nos termos previstos na lexislación sectorial aplicable.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº53, de Adición.

Engadir un novo Artigo 41 co seguinte texto:

"Artigo 41. Avaliación e control do impacto económico e social da aplicación da lei

Para a avaliación e control do impacto económico e social da aplicación da lei, particularmente da finalidade d) do artigo 2 e do previsto nos informes sobre o impacto sociolaboral de cada un dos aproveitamentos autorizados, a Xunta de Galicia elaborará un informe bianual, co preceptivo envío ao Consello Económico e Social e audiencia ás asociacións do sector e, de forma singular, ás entidades locais con aproveitamentos termais."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº65, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira co seguinte texto:

“Disposición adicional primeira. *Plan de conservación e recuperación do patrimonio cultural termal*

No prazo máximo de seis meses aprobarase, logo da remisión ao Parlamento Galego e despois dun proceso participativo, un plan de conservación e recuperación do patrimonio cultural termal para a posta en valor dos usos tradicionais das augas e da súa orixe, arqueoloxía, evolución histórica e desenvolvemento ata a actualidade, con especial atención á recuperación do patrimonio material e ao rexistro do patrimonio inmaterial, así como da súa pegada literaria e artística. O dito plan será actualizado cada cinco anos e contará cunha previsión orzamentaria detallada.”

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición transitoria primeira. Regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes de augas termais

1. As instalacións dedicadas ao aproveitamento lúdico de augas termais que se atopen en funcionamento no momento da entrada en vigor desta lei poderán regularizarse de acordo co procedemento previsto, para os efectos de dispoñer do título habilitante en materia de minas, e sen prexuízo do necesario respecto ás exixencias derivadas doutra normativa sectorial aplicable.

2. Para iniciar o procedemento é presuposto que as augas dispoñan da declaración de augas termais, polo que, no caso de aproveitamentos lúdicos preexistentes sobre augas exclusivamente declaradas mineromedicinais, será necesario que previamente se obteña a declaración termal das ditas augas.

3. O procedemento iniciárase por quen teña a titularidade das instalacións mediante a presentación da solicitude, acompañada do proxecto xeral de aproveitamento e do estudo xustificativo do perímetro, ambas coas especificacións contidas no anexo, da documentación xustificativa das solvencias económica e técnica e do plan de peche e abandono. Solicitarase en todo caso informe da consellaría competente en materia de sanidade e daráselles trámite de audiencia ás persoas interesadas. A resolución que poña fin ao procedemento, de ser favorable, outorgará o correspondente título administrativo para o aproveitamento lúdico.

4. Logo de regularizados, a estes aproveitamentos seralles inmediatamente aplicable o réxime xurídico dos aproveitamentos lúdicos previsto nos artigos 11 e seguintes do título II, así como as restantes previsións dos títulos III e IV.

5. Os aproveitamentos lúdicos preexistentes deberán regularizarse no prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei.

6. No caso contrario, a persoa titular da consellaría competente en materia de minas resolverá a paralización do aproveitamento en cuestión, así como a imposición ao suxeito responsable das sancións correspondentes conforme o réxime sancionador previsto nesta lei, en ambos casos logo da incoación do oportuno procedemento administrativo, no que se lle concederá audiencia á persoa interesada.

INFORME DA PONENCIA:

Disposición transitoria primeira. Regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes de augas termais

1. As instalacións dedicadas ao aproveitamento lúdico de augas termais que se atopen en funcionamento no momento da entrada en vigor desta lei poderán regularizarse de acordo co procedemento previsto, para os efectos de dispoñer do título habilitante en materia de minas, e sen prexuízo do necesario respecto ás exixencias derivadas doutra normativa sectorial aplicable.

2. Para iniciar o procedemento é presuposto que as augas dispoñan da declaración de augas termais, polo que, no caso de aproveitamentos lúdicos preexistentes sobre augas exclusivamente declaradas mineromedicinais, será necesario que previamente se obteña a declaración termal das ditas augas.

3. O procedemento iniciárase por quen teña a titularidade das instalacións mediante a presentación da solicitude, acompañada do proxecto xeral de aproveitamento e do estudo xustificativo do perímetro, ambos coas especificacións contidas no anexo, da documentación xustificativa das solvencias económica e técnica e do plan de peche e abandono. Solicitarase en todo caso informe da consellaría competente en materia de sanidade e daráselles trámite de audiencia ás persoas interesadas. A resolución que poña fin ao procedemento, de ser favorable, outorgará o correspondente título administrativo para o aproveitamento lúdico.

3 bis. A resolución que poña fin ao procedemento, de ser favorable, outorgará o correspondente título administrativo para o aproveitamento lúdico de augas termais.

4. Logo de regularizados, a estes aproveitamentos seralles inmediatamente aplicable o réxime xurídico dos aproveitamentos lúdicos previsto nos artigos 11 e seguintes do título II, así como as restantes previsións dos títulos III e IV.

5. Os aproveitamentos lúdicos preexistentes deberán regularizarse no prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei.

6. No caso contrario, a persoa titular da consellaría competente en materia de minas resolverá a paralización do aproveitamento en cuestión, así como a imposición ao suxeito responsable das sancións correspondentes conforme o réxime sancionador previsto nesta lei, en ambos casos logo da incoación do oportuno procedemento administrativo, no que se lle concederá audiencia á persoa interesada.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº54, de Adición.

Engadir na Disposición transitoria primeira despois de "regulamentaria", o seguinte: "que non excederá os dous meses desde a publicación desta lei no *Diario Oficial de Galicia*".

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº50, ao apartado 1, de Modificación.

No punto 1 desta disposición onde di: "... poderán regularizarse de acordo co procedemento previsto, para os efectos de dispoñer do título habilitante en materia de minas, ...", debe dicir: "... deberán iniciar, no prazo máximo de seis meses, a súa regulación de acordo co procedemento previsto, para os efectos de dispoñer do título habilitante en materia de augas, ..."

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº55, ao apartado 3, de Supresión.

No apartado 3 da Disposición transitoria primeira suprimir: "solicitarase en todo caso informe da consellería competente en materia de sanidade e darase trámite de audiencia ás persoas interesadas A resolución que poña fin ao procedemento, de ser favorable, outorgará o correspondente título administrativo para o aproveitamento lúdico."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº51, ao apartado 3, de Modificación.

No punto 3 desta disposición, onde di: "..., ambos coas especificacións contidas no anexo, ...", debe dicir: "... contidas no artigo 8 desta lei, ..."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº52, ao apartado 3, de Adición.

No punto 3 desta disposición, despois de: "... en todo caso informe da consellaría competente en materia de sanidade ..." débese engadir a seguinte frase: "... e do concello onde estea radicada a instalación ..."

ACEPTADA

-Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº30, ao apartado 3, de Adición.

Débesse engadir na liña 5, despois de "... do plan de peche e abandono...", o seguinte:

"Para a instrución e resolución favorable será preciso un único informe da consellaría competente en materia de sanidade, no que se acredite que as instalacións e as augas cumpren coas condicións hixiénico-sanitarias e de salubridade que resulten exixibles."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº56, ao apartado 3 bis), de Adición.

Engadir un novo apartado 3 bis) co seguinte texto:

"3 *bis*. Solicitarase, sen excepción, informe das consellarías competentes en sanidade, medio ambiente e patrimonio, así como do concello no que se atopa a instalación que se pretende regularizar."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº57, ao apartado 3 ter), de Adición.

Engadir un novo apartado 3 ter) na Disposición transitoria primeira co seguinte texto:

"3 *ter*. O proceso de regularización someterase a información pública durante o prazo dun mes hábil, no que se dará audiencia ás persoas interesadas."

ACEPTADA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº58, ao apartado 3 quater), de Adición.

Engadir un novo apartado 3 quater) na Disposición transitoria primeira co seguinte texto:

"3 *quater*. A resolución que poña fin ao procedemento, de ser favorable, outorgará o correspondente título administrativo para o aproveitamento lúdico de augas termais."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº53, ao apartado 5, de Modificación.

No punto 5 desta disposición onde di: "... deberán regularizarse no prazo máximo de doce meses ...", debe dicir: "... deberán iniciar o proceso de regularización no prazo máximo de seis meses ..."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº54, ao apartado 6, de Modificación.

No punto 6 desta disposición, onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir: "... en materia de augas ..."

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición transitoria segunda. Réxime aplicable ata a aprobación de modelos normalizados
Mentres non se aproben os modelos normalizados de solicitude para os procedementos previstos nesta lei, poderá empregarse a solicitude xenérica que a Administración autonómica ten prevista para os casos nos que non exista un modelo electrónico normalizado e que se atopa dispoñible na súa sede electrónica.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº55, de Modificación.

Onde di: "Mentres non se aproben os modelos normalizados de solicitude para os procedementos previstos nesta lei, ...", debe dicir: "No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, procederase á aprobación dos modelos normalizados de solicitude para os procedementos previstos nelas, e ata entón poderá ..."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº56, de Adición.

Débase engadir unha nova disposición transitoria segunda bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria segunda bis. Carácter público e actualizado do Rexistro de Augas Minerais, Termas e de Manancial

A Xunta de Galicia procederá de xeito inmediato a dar cumprimento ao establecido no artigo 21 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termas, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, con respecto ao carácter público do Rexistro de Augas Minerais, Termas e de Manancial, procedendo, de ser o caso, ás actualizacións necesarias. No dito rexistro crearase un apartado específico para o aproveitamento das augas obxecto desta lei."

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición transitoria terceira. Réxime aplicable ata a aprobación do desenvolvemento regulamentario sobre condicións hixiénico-sanitarias dos espazos termais
Mentres non se dite a normativa regulamentaria á que se refire o artigo 24.2, as condicións hixiénico-sanitarias aplicables aos espazos termais distintos das piscinas termais de uso lúdico serán as que o órgano sanitario inclúa no seu informe preceptivo e vinculante previsto no artigo 9.3.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº57, de Modificación.

Onde di: "Mentres non se dite a normativa regulamentaria á que se refire o artigo 24.2, as condicións ...", debe dicir: "No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, procederase a ditar a normativa regulamentaria á que se refire o artigo 24.2, e no relativo ás condicións ..."

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº59, de Modificación.

Substituír no título da Disposición transitoria terceira: "espazos termais", por: "aproveitamentos lúdicos de augas termais".

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº60, de Modificación.

Substituír na Disposición transitoria terceira no epígrafe "espazos termais", por: "aproveitamentos lúdicos de augas termais".

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº61, de Modificación.

Substituír na Disposición transitoria terceira "piscinas termais", por: "piscinas de uso lúdico-termal".

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº59, de Adición.

Débase engadir *in fine*, nesta disposición transitoria terceira o seguinte texto:

"...debendo en calquera caso dar cumprimento ás características e requisitos técnicos de acordo co definido no artigo 3.d) desta lei."

REXEITAD.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº62, de Adición.

Engadir na Disposición transitoria terceira despois de "serán", o seguinte:

"tamén as previstas no Real Decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, sen prexuízo das"

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº58, de Adición.

Débase engadir unha nova disposición transitoria terceira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria terceira bis. Plan de turismo termal

A Xunta de Galicia, no prazo máximo de seis meses desde a aprobación desta lei, aprobará o Plan de turismo termal co obxecto de poñer en valor os recursos deste sector en toda Galicia, estruturando a oferta, os recursos e os servizos, de tal xeito que conduzan á potenciación dos valores turísticos e dos recursos naturais e culturais, coa sustentabilidade como criterio clave, para contribuír en maior medida ao desenvolvemento socioeconómico coa potenciación do destino termal. Para a súa elaboración contará cos axentes e organizacións sociais e económicas do sector, así como coas administracións locais, e antes da súa aprobación será obxecto de exame polo Parlamento de Galicia."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº63, de Adición.

Engadir unha nova Disposición transitoria cuarta co seguinte texto:

“Disposición transitoria cuarta. *Regulación específica para as augas mineromedicinais frías*

No prazo máximo de seis meses, a consellaría competente en materia de minas emitirá normativa reguladora específica para as augas mineromedicinais frías, logo da audiencia aos concellos, colectivos e asociacións implicados na materia e logo do informe do Consello Económico e Social.”

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº64, de Adición.

Engadir unha nova Disposición transitoria quinta co seguinte texto:

“Disposición transitoria quinta. *Regulación das augas e fontes termais de uso tradicional e creación do seu correspondente rexistro*

No prazo máximo de seis meses, a consellaría competente en materia de minas, en colaboración coa consellaría competente en patrimonio e cultura, emitirá normativa reguladora específica para as augas e fontes termais de uso tradicional. Complementariamente, no prazo máximo dun ano crearase o Rexistro das augas e fontes termais de uso tradicional co obxectivo de levar a cabo o seu inventario e a recompilación das súas características e condicións de uso como un elemento popular e parte da cultura material e inmaterial do pobo galego.”

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia

A Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 1, que queda redactado como segue:

«Esta lei ten por obxecto a regulación das augas minerais, termais e de manancial cuxo lugar de nacemento ou afloramento estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Igualmente, é obxecto desta lei, dentro do ámbito territorial sinalado, a regulación dos establecementos balnearios.

Queda excluída do ámbito de aplicación desta lei a regulación do aproveitamento lúdico das augas termais, que se rexerá polo disposto na Lei...../....., de aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, sen prexuízo do disposto na disposición derradeira terceira desta lei.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 27, que queda redactado como segue:

«1. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas, logo da incoación do oportuno expediente, de acordo coa seguinte graduación:

a) As infraccións leves, con multa de ata 900 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata 300 euros; o grao medio, de 301 a 600 euros; e o grao máximo, de 601 a 900 euros.

b) As infraccións graves, con multa desde 901 euros ata 9.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 901 a 3.600 euros; o grao medio, de 3.601 a 6.300 euros; e o grao máximo, de 6.301 a 9.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multa desde 9.001 euros ata 90.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 9.001 a 36.000 euros; o grao medio, de 36.001 a 63.000 euros; e o grao máximo, de 63.001 a 90.000 euros. Nestes casos, poderá impoñerse ademais, como sanción accesorio, a suspensión temporal da concesión ou autorización por período de ata seis meses ou a extinción da concesión ou autorización.»

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº66, ao apartado 2, de Substitución.

Substituír o apartado 2 da Disposición derradeira primeira polo seguinte texto:

“Dous. Modifícase o número 1 do artigo 27, que queda redactado como segue:

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas, logo da incoación do oportuno expediente, de acordo coa seguinte gradación:

a) As infraccións leves, con multa de ata 1.800 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata os 600 euros; o grao medio, de 601 a 1.200 euros; e o grao máximo, de 1.201 a 1.800 euros.

b) As infraccións graves, con multa desde 1.801 euros ata 18.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 1.801 euros a 7.200 euros; o grao medio, de 7.201 a 12.600 euros; e o grao máximo, de 12.601 a 18.000 euros.

c) As infraccións graves, con multa de 18.001 euros ata 180.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 18.001 euros a 72.000 euros; o grao medio, de 72.001 euros a 126.000 euros; e o grao máximo, de 126.001 a 180.000 euros.

Nestes casos, poderá impoñerse ademais, como sanción accesoria, a suspensión temporal da concesión ou autorización por período de ata seis meses ou a extinción da concesión ou autorización”

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº60, ao apartado Dous bis), de Adición.

Nesta disposición débese engadir un novo parágrafo Dous bis, que terá o seguinte contido:

“Dous *bis*. As referencias contidas nesta lei á consellaría competente en materia de industria entenderanse referidas á consellaría competente en materia de augas.”

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº63, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición derradeira primeira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira bis. Custos de depuración
As augas obxecto desta lei, polo seu volume ou características especiais, poderán ser obxecto dun tratamento singular e diferenciado na fixación do correspondente gravame por depuración."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº61, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición derradeira primeira ter,
que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira ter
Modifícase o título IV, que pasa a denominarse: Da Xunta
Asesora e da creación dunha sección termal dentro do
Observatorio de Turismo de Galicia."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº62, de Adición.

Débase engadir unha nova disposición derradeira primeira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira quater

Inclúese un novo artigo 24 bis, co seguinte contido:
Artigo 24 bis

Dentro do Observatorio de Turismo de Galicia, crearase unha sección encargada de afondar no coñecemento do sector termal desde as súas diferentes perspectivas, promover a innovación no desenvolvemento rural a través do termalismo, impulsar novas políticas públicas que contribúan ao desenvolvemento do termalismo, facilitar a cooperación entre os axentes que interveñen no sector, cooperar cos outros organismos similares de fóra de Galicia e sistematizar os datos socioeconómicos e turísticos do sector termal en Galicia."

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia

Modifícase o número 2 do artigo 2 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. Están excluídas do ámbito de aplicación desta lei as seguintes materias:

a) A exploración, a investigación, a explotación e o almacenamento subterráneo de hidrocarburos líquidos e gasosos.

b) A extracción ocasional e de escasa importancia de recursos minerais, calquera que sexa a súa clasificación, sempre que a leve a cabo a persoa propietaria dun terreo para o seu uso exclusivo e non exixa a aplicación de ningunha técnica mineira.

c) As augas reguladas na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Calquera aproveitamento de recursos xeotérmicos de escasa importancia económica, en particular aos que se lles dea utilidade en calefacción, climatización doméstica ou industrial e/ou auga quente sanitaria, baseados en sistemas xeotérmicos de moi baixa entalpía, con intercambiadores en circuíto pechado, ata 200 metros de profundidade, sempre que sexa levado a cabo pola persoa propietaria do terreo para o seu uso exclusivo e que o aproveitamento non exixa a aplicación de ningunha técnica mineira.

Todo iso sen prexuízo de que os traballos subterráneos necesarios estarán sometidos á autorización previa das xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de enerxía e minas, tal e como xa recolle o artigo 18.2 do Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de aproveitamento das augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) O aproveitamento lúdico das augas termais, que se rexerá polo disposto na Lei...../....., de aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, sen prexuízo do disposto na disposición derradeira terceira desta lei.»

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición derradeira terceira. Dereito supletorio

En todo o non previsto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento aplicaranse, no que non se opoña a elas e resulte compatible coa natureza e características propias dos aproveitamentos lúdicos, a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, así como os seus respectivos desenvolvementos regulamentarios.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición derradeira cuarta. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario

1. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para aprobar as disposicións necesarias de desenvolvemento desta lei.

2. Sen prexuízo do anterior, facúltase a persoa titular da consellaría competente en materia de minas para regular directamente cuestións técnicas da súa competencia, nomeadamente as correspondentes á sinalética das novas instalacións, así como para modificar o contido do anexo.

INFORME DA PONENCIA:

Disposición derradeira cuarta. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario

1. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para aprobar as disposicións necesarias de desenvolvemento desta lei.

2. Sen prexuízo do anterior, facúltase a persoa titular da consellaría competente en materia de minas para regular directamente cuestións técnicas da súa competencia, nomeadamente as correspondentes á sinalética das novas instalacións, así como para modificar o contido do anexo, **naquelas modificacións que supoñan exclusivamente unha aclaración informativa dos puntos relacionados ou, se é o caso, un aumento da documentación e información exixida.**

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº64, ao apartado 1, de Adición.

No punto 1 desta disposición débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "... no prazo de oito meses."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº65, ao apartado 2, de Supresión.

O punto 2 desta disposición débese suprimir.

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº67, ao apartado 2, de Adición.

Engadir na Disposición derradeira cuarta no final do apartado 2 o seguinte:

“...naquelas modificacións que supoñan exclusivamente unha aclaración informativa dos puntos relacionados ou, se é o caso, un aumento da documentación e información exixida.”

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº66, de Adición.

Débase engadir unha nova disposición derradeira cuarta bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira cuarta bis. Autorización para refundir textos

Co obxecto de evitar a dispersión normativa e facilitar o coñecemento e a localización da normativa aplicable, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia aprobará o correspondente decreto lexislativo que refunda a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, e esta lei, de acordo co regulado nos artigos 145 e 146 do Regulamento do Parlamento de Galicia."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº67, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición derradeira cuarta ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira cuarta ter. Competencias da Comunidade Autónoma en materia de augas minerais, de manancial e termais

A Xunta de Galicia establecerá as medidas oportunas para que as competencias da Comunidade Autónoma en materia de augas minerais, de manancial e termais pasen a ser exercidas pola consellaría competente en materia de augas."

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor
Esta lei entrará en vigor aos trinta días naturais da súa
publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Anexo. Documentación técnica exixida para a solicitude do aproveitamento lúdico das augas termais

1. Proxecto xeral de aproveitamento:

a) Descrición da zona.

b) Deseño da captación: xeoloxía local, hidroloxía local (caudais, calidade termal), características técnicas das captacións (entubacións), a súa execución (se é o caso), conducións ata as instalacións do aproveitamento, réxime de explotación do recurso, instalacións da captación (bombas, valvularía), protección das captacións.

c) Explotación do recurso: instalacións (a ceo aberto e pechadas), conducións (aspectos hidráulicos, térmicos, corrosivos), proxecto básico de edificacións (edificios e naves).

d) Programa de explotación: funcionamento interno (programas ofertados para uso lúdico) e réxime de funcionamento.

e) Programa de vixilancia e control: instalacións e captación.

f) Estudo de viabilidade económica.

2. Estudo xustificativo da necesidade de perímetros de protección:

a) Descrición morfométrica da zona – conca.

b) Xeoloxía rexional e local do manancial.

c) Estudo de hidroloxía superficial: estimación de recarga, balance hidrolóxico, compoñentes do ciclo hidrolóxico.

d) Estudo hidroxeolóxico: caracterización hidrodinámica do medio xeolóxico, identificación de acuíferos, funcionamento hidrodinámico destes.

e) Estudo termal: caracterización termal das augas a partir das doce medidas mensuais de pH, condutividade, Eh, temperatura e oxíxeno disolto realizadas nun ano hidrolóxico achegadas para a súa declaración. Orixe, tempo de residencia.

f) Estudo de vulnerabilidade: inventario de puntos de auga, posibles puntos e áreas de contaminación difusa conservativa e non conservativa. Existencia doutros mananciais termais.

g) Cálculo do perímetro de protección: establecerase a metodoloxía para a definición do perímetro e a estimación deste.

INFORME DA PONENCIA:

Anexo. Documentación técnica exixida para a solicitude do aproveitamento lúdico das augas termais

1. Proxecto xeral de aproveitamento:

a) Descrición da zona.

- b) Deseño da captación: xeoloxía local, hidroloxía local (caudais, calidade termal), características técnicas das captacións (entubacións), a súa execución (se é o caso), conducións ata as instalacións do aproveitamento, réxime de explotación do recurso, instalacións da captación (bombas, valvularía), protección das captacións.
 - c) Explotación do recurso: instalacións (a ceo aberto e pechadas), conducións (aspectos hidráulicos, térmicos, corrosivos), proxecto básico de edificacións (edificios e naves).
 - d) Programa de explotación: funcionamento interno (programas ofertados para uso lúdico) e réxime de funcionamento.
 - e) Programa de vixilancia e control: instalacións e captación.
 - f) Estudo de viabilidade económica.
2. Estudo xustificativo da necesidade de perímetros de protección:
- a) Descrición morfométrica da zona – conca.
 - b) Xeoloxía rexional e local do manancial.
 - c) Estudo de hidroloxía superficial: estimación de recarga, balance hidrolóxico, compoñentes do ciclo hidrolóxico.
 - d) Estudo hidroxeolóxico: caracterización hidrodinámica do medio xeolóxico, identificación de acuíferos, funcionamento hidrodinámico destes.
 - e) Estudo termal: caracterización termal das augas a partir das doce medidas mensuais de pH, condutividade, Eh, temperatura e oxíxeno disolto realizadas nun ano hidrolóxico achegadas para a súa declaración. Orixe, tempo de residencia.
 - f) Estudo de vulnerabilidade: inventario de puntos de auga, posibles puntos e áreas de contaminación difusa conservativa e non conservativa. Existencia doutros mananciais termais.
 - g) Cálculo do perímetro de protección: establecerase a metodoloxía para a definición do perímetro e a estimación deste. **Incluirá as recomendacións referentes ás zonas de restrición determinadas no artigo 13 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.**

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº68, de Adición.

Engadir no punto g) do Anexo o seguinte:

“Incluirá as recomendacións referentes ás zonas de restrición determinadas no artigo 13 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de



regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios de Galicia.”

TEXTO DO PROXECTO:

Exposición de motivos.

I

Galicia é unha das rexións de Europa con maior riqueza en augas minerais e termais. Na actualidade é a comunidade autónoma líder en España en canto á oferta termal. Os seus 21 balnearios, con máis de tres mil prazas hostaleiras, representan ao redor do 20 % dos establecementos nacionais e reciben anualmente preto de cento cincuenta mil persoas usuarias. Boa parte dos trescentos mananciais de augas mineromedicinais existentes en Galicia son augas termais, segundo a lexislación, ao contaren estas augas cunha temperatura superior en máis de 4 graos centígrados á media anual do lugar no que emerxen. Delas, só unha pequena parte se poden considerar augas hipertermais, segundo os criterios de aplicación terapéutica, que exixen unha temperatura superior aos 37 graos centígrados.

As augas termais, ademais de seren utilizadas polos balnearios con fins terapéuticos, poden ser aproveitadas para outras finalidades, e desde finais do século XX creceu en todo o mundo a demanda do uso non terapéutico das augas mineromedicinais e termais. Estas novas demandas no uso lúdico das augas termais, unha «nova cultura» no aproveitamento dos recursos termais, experimentaron un extraordinario desenvolvemento nalgúns zonas de España e, especialmente, en Galicia. Por este motivo, debido á súa elevada demanda, proliferaron novos proxectos turísticos ao redor das augas termais con obxectivos non terapéuticos nin preventivos, senón cunha finalidade lúdica, de diversión e esparexemento. De feito, na actualidade, este sector de actividade presenta outras potencialidades asociadas ao benestar e lecer das persoas, asumindo polo tanto un papel fundamental na industria do turismo.

Acontece, polo tanto, que na actualidade na Comunidade Autónoma de Galicia existen estes novos tipos de establecementos relacionados co aproveitamento e uso lúdico de augas termais, que, aínda que se consolidan como focos de atracción turística, carecen das condicións establecidas legalmente para seren considerados balnearios e non dispoñen de regulamentación específica e actualizada.

Doutra banda, conséntase que a maior parte dos recursos hidrominerais e termais susceptibles de seren aproveitados para a actividade termal e o termalismo localízanse en rexións do interior da comunidade autónoma, para as que esta nova demanda é de innegable interese, por constituír unha vía de

desenvolvemento local ou rexional mediante a xeración de investimento e emprego.

Ademais, atopámonos cun número considerable e crecente de persoas usuarias desas instalacións que depositan a súa confianza na existencia dunha garantía sanitaria e na legalidade destes establecementos, que non perseguen fins terapéuticos. Para poder garantir as ditas condicións, faise necesario dispoñer dun instrumento lexislativo que permita regular e ordenar o sector, por outra banda tan diversificado e singular.

Respondendo a estes obxectivos, apróbase esta Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

II

A dita norma dítase principalmente con base na competencia exclusiva que, en materia de augas minerais e termais, se lle recoñece á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 27.14 do Estatuto de autonomía de Galicia, pero tamén en exercicio das competencias exclusivas que lle corresponden en materia de procedementos administrativos que deriven do específico Dereito galego, promoción e ordenación do turismo, promoción da adecuada utilización do ocio e medio ambiente (artigo 27, números 5, 21, 22 e 30, do Estatuto de autonomía de Galicia) e mais en exercicio das competencias de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de concesións administrativas e réxime mineiro e en materia de sanidade (artigo 28, números 2 e 3, e artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia).

O exercicio das ditas competencias autonómicas lévase a cabo dentro do necesario respecto á competencia estatal en materia de bases de réxime mineiro. A este respecto, convén salientar que, aínda que nin a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, nin o Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minaría, regulan especificamente o aproveitamento lúdico das augas termais, tampouco o exclúen.

Polo tanto, sobre esta base, e con fundamento nas competencias autonómicas citadas, abórdase a regulación de tal aproveitamento.

Coa aprobación desta lei complementábase ademais a regulación contida na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

III

Esta lei consta de corenta artigos, distribuídos en catro títulos, tres disposicións transitorias, cinco disposicións derradeiras e un anexo.

O título I, relativo ás disposicións de carácter xeral, define o obxecto da lei e as finalidades que persegue e determina os conceptos técnicos precisos para facilitar a súa aplicación. Neste sentido, debe partirse do establecemento previo dunha clara e fundamental distinción: a que procede realizar entre os «espazos termais», considerados como aquelas instalacións de uso público destinadas mediante o baño ao aproveitamento lúdico das augas termais, e os «establecementos balnearios», obxecto de regulación específica na referida Lei 5/1995, do 7 de xuño, e caracterizados pola aplicación, con fins terapéuticos, das augas mineromedicinais e termais. No concepto xenérico de «espazos termais» aínda convén singularizar aquelas instalacións agrupadas baixo o termo legal de «piscina termal de uso lúdico».

Ao longo do título II establécese o réxime xurídico do novo aproveitamento lúdico, sendo condición para este tipo de aproveitamento que as augas dispoñan da declaración de termais. A este respecto, cómpre remarcar que, pese a ser a soa declaración de augas termais aptas para o uso lúdico a declaración especificamente habilitante para o aproveitamento lúdico, este permitírase condicionadamente tamén respecto de augas termais que á súa vez fosen declaradas aptas para o uso terapéutico e respecto de augas que dispoñan da dobre declaración de termais e mineromedicinais. O feito de que habitualmente as mesmas augas compartan a condición de termais e mineromedicinais, unido á constatada suficiencia do recurso no territorio, explica o referido alcance do aproveitamento lúdico.

En canto á regulación procedemental necesaria para o outorgamento do título habilitante para o aproveitamento lúdico, distínguense dous procedementos intimamente vinculados, sendo o primeiro, o de declaración de augas termais, presuposto do segundo, o de estrito outorgamento do título de aproveitamento. En canto ao procedemento de declaración, a norma contén unha regulación mínima. O segundo procedemento está dirixido a ordenar os trámites precisos para outorgar, mediante o preceptivo título autorizador ou concesional, o correspondente aproveitamento lúdico das augas termais. A este respecto, son as persoas propietarias dos terreos onde emerxan as augas, ou as terceiras persoas que acrediten a dispoñibilidade dos terreos, as persoas lexitimadas para solicitar o preceptivo título de aproveitamento. Este particular réxime de titularidade do aproveitamento lúdico, diferenciado do previsto para o aproveitamento terapéutico en establecementos balnearios, considérase acorde coa utilidade pública que se aprecia respecto deste novo tipo de aproveitamento. Outra

singularidade que convén destacar é o establecemento de previsións para tratar de compatibilizar os novos aproveitamentos lúdicos cos establecementos balnearios e os seus perímetros de protección.

Logo de regulada a tramitación do procedemento para o outorgamento do título habilitante, inclúense previsións relativas á súa eficacia e vixencia e mais á suspensión e caducidade, así como á modificación e transmisión daquel.

Por outra parte, prevese que a persoa titular da autorización ou concesión se someterá ao réxime de dereitos e obrigas legalmente previsto, debendo destacarse, en particular, a necesidade de que pola súa banda se asegure a satisfacción das condicións hixiénico-sanitarias aplicables aos espazos termais e ás piscinas termais de uso lúdico. En tal sentido, en tanto que a normativa existente en materia de piscinas constituirá o marco de referencia destas últimas instalacións, o resto dos espazos termais axustarase ás singularidades que regulamentariamente se establezan de acordo coa habilitación normativa prevista na lei.

No título III establécense previsións para harmonizar o novo aproveitamento lúdico das augas termais co tradicional uso terapéutico. Así, ante a posibilidade de que unhas mesmas augas termais sexan susceptibles de aproveitamento terapéutico ou de aproveitamento lúdico, condiciónase o aproveitamento lúdico a que resulte excluída a posibilidade do aproveitamento terapéutico con base na falta de exercicio dos dereitos preferentes e na ausencia de convocatoria pola Administración do concurso público previsto para o aproveitamento terapéutico. Por outra parte, recoñécese a posibilidade de compatibilizar o aproveitamento terapéutico e o lúdico das augas termais procedentes dunha única emerxencia cando se cumpran os requisitos sinalados na norma.

No último título, o IV, establécese o réxime de inspección e sanción, resultando especialmente destacable a tipificación de infraccións e sancións específicas do ámbito do aproveitamento lúdico das augas termais.

Finalmente, a lei establece, na disposición transitoria primeira, o procedemento para a regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes; nas disposicións transitorias segunda e terceira, previsións para garantir a aplicabilidade da norma mentres non se aproban os modelos normalizados de solicitudes e mentres non se dita o desenvolvemento regulamentario en materia de condicións hixiénico-sanitarias; nas disposicións derradeiras primeira e segunda, modificacións da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, e da Lei 3/2008, do 23 de

maio, de ordenación da minaría de Galicia; e nas disposicións derradeiras terceira, cuarta e quinta, regras relativas ao dereito supletorio, habilitación normativa e entrada en vigor.

Por último, incorpórase como anexo a relación detallada da documentación técnica que debe acompañar a toda solicitude de aproveitamentos lúdicos.

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº68, de Supresión.

O segundo parágrafo da epígrafe II que comeza por: "O exercicio das ditas competencias autonómicas ..." débese suprimir.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº70, de Supresión.

O último parágrafo da exposición de motivos, que empeza por: Por último", ata: "... aproveitamentos lúdicos.", débese suprimir.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº69, de Modificación.

Propónse unha nova redacción para o último parágrafo da epígrafe II, que comeza por: Coa aprobación desta lei complementáanse ...", que terá o seguinte contido:

Esta lei está en completa e directa relación coa Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que, co obxecto de evitar a dispersión normativa e facilitar o coñecemento e a localización da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, deberá aprobar o correspondente decreto lexislativo que as refunda, de acordo co regulado nos artigos 145 e 146 do Regulamento do Parlamento de Galicia."

CLASIFICACIÓN DAS EMENDAS AO PROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA

ARTIGO 1

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, de Adición.
- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Substitución.

ARTIGO 2

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº1, ao apartado c, de Adición.
- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, ao apartado c), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, ao apartado c), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, ao apartado d), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº3, ao apartado d) bis), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, ao apartado e), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº1, ao apartado e), de Adición.

ARTIGO 3

- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº1, ao apartado 1, de Adición.

- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº2, ao apartado a, de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº3, ao apartado b, de Supresión.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº4, ao apartado d, de Supresión.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº5, ao apartado d, de Supresión.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº6, ao apartado d bis), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº7, ao apartado d ter), de Adición.
- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado a), de Substitución.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado a), de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, ao apartado b), de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, ao apartado c), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº9, ao apartado d), de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, ao apartado d), de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, ao apartado e), de Adición.

ARTIGO 4

- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, ao apartado 1, de Adición.

ARTIGO 5

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, ao apartado 1, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, ao apartado 2, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº7, ao apartado 2, de Adición.

SECCIÓN 1ª

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 6

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº2, de Adición.

ARTIGO 6.BIS

- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, de Adición.

ARTIGO 7

- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº8, de Modificación.
- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº2, ao apartado 1, de Supresión.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación.

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado 1, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº11, ao apartado 2, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº10, ao apartado 2, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, ao apartado 2, de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº3, ao apartado 3, de Adición.
- RETIRADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº3, ao apartado 4, de Adición.

SECCIÓN 2ª

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 8

- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº11, ao apartado 2.c, de Supresión.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº12, ao apartado 2.c, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 2.b), de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado 2.c), de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº15, ao apartado 2.c) bis), de Adición.

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº16, ao apartado 2.d) bis), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº17, ao apartado 3 bis), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, ao apartado c), de Substitución.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, ao apartado f), de Substitución.
- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, ao apartado h), de Adición.

ARTIGO 9

- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, ao apartado 1, de Modificación.
- ACEPTADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado 2, de Modificación.
- ACEPTADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, ao apartado 2, de Adición.
- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado 4, de Substitución.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, ao apartado 4.d), de Supresión.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº20, ao apartado 4.d), de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado 4.d) bis), de Adición.
- ACEPTADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, ao apartado 4.d) ter), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº21, ao apartado 4.e), de Adición.

- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº4, ao apartado 4.e), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº13, ao apartado 5, de Supresión.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº23, ao apartado 5.b) bis), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº14, ao apartado 7, de Supresión.

ARTIGO 10

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº24, ao apartado 1, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº15, ao apartado 2.a, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº16, ao apartado 2.f, de Supresión.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº22, ao apartado 2.a), de Substitución.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, ao apartado 2.g), de Adición.
- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº24, ao apartado 2.h), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, ao apartado 3, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº17, ao apartado 3, de Modificación.

ARTIGO 11

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 12

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 13

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº26, ao apartado 1, de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº25, ao apartado 2, de Adición.

SECCIÓN 3ª

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 14

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 15

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 15 BIS)

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº5, de Adición.

ARTIGO 16

ACEPTADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº27, ao apartado 2, de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº6, ao apartado 2, de Modificación.

ACEPTADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº28, ao apartado 2 bis), de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº29, ao apartado 2 ter), de Adición.

SECCIÓN 4ª

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 17

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº30, de Modificación.

ARTIGO 18

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº31, de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº32, de Adición.

ARTIGO 19

ACEPTADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº33, de Adición.

SECCIÓN 5ª

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 20

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº34, ao apartado 2, de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº26, ao apartado 2, de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, ao apartado 3, de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº35, ao apartado 3, de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº36, ao apartado 3 bis), de Adición.

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº5, ao apartado 4, de Adición.

ARTIGO 21

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, de Adición.

ARTIGO 21 BIS)

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº37, de Adición.

ARTIGO 22

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº29, ao apartado a), de Substitución.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, ao apartado b), de Substitución.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº31, ao apartado c), de Substitución.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº38, ao apartado c), de Modificación.

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº32, ao apartado c) bis), de Adición.

ARTIGO 23

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº33, de Substitución.

TRANSACC. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº39, de Adición.

- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº34, de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº18, ao apartado c, de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº19, ao apartado d, de Modificación.

ARTIGO 23 BIS)

- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº35, de Adición.

ARTIGO 24

- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº36, ao apartado 1, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº40, ao apartado 2, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº38, ao apartado 2, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº39, ao apartado 2, de Modificación.

ARTIGO 25

- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº40, de Adición.

ARTIGO 26

- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº41, ao apartado 2 bis), de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº20, ao apartado 3, de Modificación.

ARTIGO 27

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº7, ao apartado 1.b), de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº21, ao apartado 2 bis), de Adición.

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº42, ao apartado 3, de Adición.

ARTIGO 28

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 29

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 30

TRANSACC. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº41, de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº22, ao apartado e, de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº23, ao apartado f, de Modificación.

ACEPTADA -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº24, ao apartado g, de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº43, ao apartado b), de Adición.

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº44, ao apartado h), de Adición.

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº45, ao apartado i), de Adición.

ARTIGO 31

ACEPTADA -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº25, ao apartado d, de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº26, ao apartado e, de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº27, ao apartado f, de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº46, ao apartado b), de Adición.

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº47, ao apartado c), de Supresión.

ACEPTADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº42, ao apartado f) bis), de Adición.

TRANSACC. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº43, ao apartado f) ter), de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº48, ao apartado g), de Adición.

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº49, ao apartado h), de Adición.

ARTIGO 32

REXEITAD. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº28, ao apartado c bis), de Adición.

TRANSACC. -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº29, ao apartado c ter), de Adición.

ARTIGO 33

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº50, de Substitución.

ACEPTADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº44, de Adición.

ARTIGO 34

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº51, ao apartado 1, de Substitución.

ARTIGO 35

ACEPTADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº45, de Adición.

ARTIGO 36

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 37

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 38

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº49, de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº46, ao apartado a), de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº47, ao apartado b), de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº48, ao apartado c), de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº52, ao apartado d), de Adición.

ARTIGO 39

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 40

- Non se presentaron emendas.

ARTIGO 40 BIS)

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº53, de Adición.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº65, de Adición.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº54, de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº50, ao apartado 1, de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº55, ao apartado 3, de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº51, ao apartado 3, de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº52, ao apartado 3, de Adición.

ACEPTADA -Do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Emenda nº30, ao apartado 3, de Adición.

- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº56, ao apartado 3 bis), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº57, ao apartado 3 ter), de Adición.
- ACEPTADA** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº58, ao apartado 3 quater), de Adición.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº53, ao apartado 5, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº54, ao apartado 6, de Modificación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº55, de Modificación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA BIS)

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº56, de Adición.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº57, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº59, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº60, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº61, de Modificación.
- REXEITAD.** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº59, de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº62, de Adición.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA BIS)

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº58, de Adición.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA TER)

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº63, de Adición.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA QUATER)

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº64, de Adición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

REXEITAD. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº66, ao apartado 2, de Substitución.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº60, ao apartado Dous bis), de Adición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA BIS)

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº63, de Adición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA TER)

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº61, de Adición.

DIPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA QUATER)

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº62, de Adición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

- Non se presentaron emendas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA TERCEIRA

- Non se presentaron emendas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA CUARTA

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº64, ao apartado 1, de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº65, ao apartado 2, de Supresión.

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº67, ao apartado 2, de Adición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA CUARTA BIS)

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº66, de Adición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA CUARTA TER)

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº67, de Adición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA QUINTA

- Non se presentaron emendas.



ANEXO

ACEPTADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº68, de Adición.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº68, de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº70, de Supresión.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº69, de Modificación.